

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO CONCELLO PLENO DO 01.09.2016

No salón de sesións da Casa Consistorial do Concello de Fene (A Coruña), cando son as 18.08 h do 01.09.2016, baixo a presidencia do alcalde Juventino José Trigo Rey, reúnese, en primeira convocatoria, o Pleno do Concello ao obxecto de realizar a sesión ordinaria convocada para hoxe.

Asistiron os/as concelleiros/as:

Gumersindo Pedro Galego Feal, Rocío Aurora Bértoa Puente, Juan José Franco Casal, Juana Barro Couto, José Andrés Serantes Panceiras, Ana María Novo Picos, Alejandra Permuy Meizoso, Justo Martínez Ardá, María Manuela Aguilar Prieto, Antón Lois Noceda Carballo, Joaquín Julián Ayala Garrido, Amalia García Balado, Xoán Manuel Rodríguez Bastida, César Daniel Castro García e María del Carmen Martínez Rodríguez

Non asiste o concelleiro:

Alejandro Jorge Gutiérrez Sánchez

Secretario accidental:

Fernando Aradas García

Interventora:

Iria Luisa Díaz Gavela

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido segundo o artigo 90.1 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, declara aberta a sesión e procede ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

C.I.F.: P-1503600-G

1. Dación de conta das Resolucións da alcaldía dende o núm. 832/2016 ao núm. 943/2016

Os concelleiros danse por informados.

2. Dación de conta do período medio de pagamento global aos provedores e do informe sobre o cumprimento das previsións das medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, correspondente ao 2º trimestre do 2016

Os concelleiros danse por informados.

3. Dación de conta do informe de intervención sobre as abrigas de subministro de información previstas no artigo 16 da Orde HAP/2015/2012, do 1 de outubro, pola que se desenrolan as obrigas de subministro de información previstas na Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira, correspondente ao 2º trimestre do 2016

Os concelleiros danse por informados.

4. Aprobación, se procede, da proposta de festivos locais para 2017

Consta no expediente a seguinte Proposta da alcaldía que foi ditaminada favorablemente na sesión ordinaria da Comisión Informativa de Organización e Seguridade do 24.08.2016 pola unanimidade dos concelleiros presentes:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

Como todos os anos, o Concello de Fene ten que determinar dous días de festa local no termo municipal de Fene, de carácter retribuído e non recuperable, para o vindeiro ano.

Polo anterior, propónse que o Pleno do Concello de Fene, previo ditame da Comisión Informativa correspondente, acorde:

Declarar como festivos locais para o ano 2017 as seguintes datas:

1 de marzo de 2017	Mércores de cinza
7 de agosto de 2017	San Salvador

Fene, 17 de agosto de 2016

O alcalde

Juventino José Trigo Rey”

Sometido o asunto a votación foi aprobado pola unanimidade dos concelleiros presentes.

Á vista do resultado da votación, o Pleno acorda:

Declarar como festivos locais para o ano 2017 as seguintes datas:

1 de marzo de 2017	Mércores de cinza
7 de agosto de 2017	San Salvador

C.I.F.: P-1503600-G

5. Aprobación, se procede, da moción do grupo municipal do PP de reprobación ao alcalde de Fene e concelleiro de Facenda pola actitude amosada no Pleno ordinario do mes de agosto do 2016 co partido Popular e solicitude de que presenta a dimisión

Consta no expediente a seguinte Proposta da alcaldía que foi ditaminada desfavorablemente na sesión ordinaria da Comisión Informativa de Dinamización Social e Transparencia do 26.08.2016 co voto de calidade do alcalde, logo de obter 4 votos a favor (3 do grupo municipal do PP e 1 de Somos Fene) e 4 en contra (2 do grupo municipal do BNG , 1 do grupo municipal socialista e 1 do grupo Mixto):

“D. GUMERSINDO PEDRO GALEGO FEAL, voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular, de conformidade co estabelcido na lexislación vixente presenta esta MOCIÓN para o seu debate e aprobación polo Pleno do Concello de Fene con base nos seguintes.

ANTECEDENETES

O pasado 14 de Xullo de 2016 o Alcalde de Fene e Concelleiro de Facenda, Don Juventino Rigo Rey, remite por correo electrónico o Grupo Municipal do Partido Popular o borrador de orzamentos para o seu coñecemento e estudo.

Dende ese momento estúvose a espera de que o Sr. Alcalde e Concelleiro de Facenda chamase a este grupo municipal a una reunión para cambiar impresións sobre dito documento.

Nin houbo chamada nin reunión algunha na que poder dar a nosa opinión sobre dito texto.

O luns día 1 de agosto de 2016 celebrase a xunta de voceiros previa o pleno ordinario do mes de agosto de 2016. O voceiro deste grupoponse en contacto co Sr. Alcalde e informalle que ten un viaxe pola mañá e no poderá asistir, se ben ó regreso pasaría polo Concello para reunirse con él.

Ese mesmo día a 1 da tarde celebrase a reunión na que, entre outros asuntos, se informa da posibilidade de que ante a falla de contidos do pleno ordinario, levar como moción urxente os orzamentos. Igualmente se manifesta a posibilidade de que si o Partido Popular considera que debe celebrarse comisión extraordinaria de Facenda e Pleno Extraordinario de Orzamentos tamen se facería.

Ante as dúas posibilidades o representante do grupo municipal do Partido Popular manifesta que, como Alcalde e Concelleiro de Facenda con maioría absoluta do Pleno, e a súa decisión.

O martes día 2 de agosto convocase as 2.30 da tarde Comisión de Facenda Extraordinaria e Urxenete para o mércores día 3 as 9 da mañá sen case tempo para examinar a documentación complementaria que debe acompañar o proxecto de orzamentos.

No pleno do día 4 de agosto de 2016 este grupo municipal ante a TOTAL AUSENCIA de negociación do contido dos orzamentos, vota en contra de dita urxencia.

É evidente que sin ter mantido nin unha soa reunión sobre o contido de fondo do documento o voto de este grupo ten que ser EN CONTRA do documento é moito mais a urxencia para traelos o pleno ordinario do mes de agosto cando xa debería estar aprobados a 31 de nadal do 2015. Falla á verdade o Alcalde cando dí que negociou a urxencia con este grupo municipal. Se non negocia o contido vai a negociar a urxencia? A historia que monta é de traca.

Visto o resultado do pleno as carencias de diálogo que denunciou e denuncia este grupo municipal en esta moción, afectaron tamén os socios de goberno.

Na lexislatura anterior aprobaronse 3 orzamentos en catro anos, fruto do diálogo entre todas as forzas políticas.

Na lexislatura anterior o BNG sempre votou en contra dos orzamentos presentados polo PP permitíndose a licenza de dar leccións ó goberno de cómo se elaboran uns orzamentos, das ordenanzas fiscais, do diálogo, das inversións, da convocatoria da comisión con tempo para examinar a documentación...etc, todo o que agora non fixo.

O diálogo non é unha das virtudes que practiquen o Alcalde e Concelleiro de Facenda como se puxo de manifesto este ano de goberno.

A pretensión do BNG de seguir gobernando con un grupo de catro concelleiros, e que nas últimas eleccións sacou mais de 500 votos, é disparatada en pon en perigo a xestión do Concello de Fene. Resulta esperpéntico e ilexítimo que o grupo municipal do PP estea na oposición con sete concelleiros e o Alcalde pretenda gobernar con tres.

Os 2.239 veciños que votaron o Partido Popular merecen un respecto e, cando menos, que se pregunte os seus representantes que lles parecen unas contas que van afectar a todos.

En consecuencia, quen xeroou o problema ó querer ser alcalde cos vostos do pleno e non cos votos dos veciños debe poñer solución o problema presentando a súa DIMISIÓN.

Por todo elo solicitamos do Pleno se tomen os seguintes ACORDOS:

- Reprobar a actitude amosada polo Alcalde de Fene e Concelleiro de Facenda Don Juventino Trigo Rey co Partido Popular de Fene pola total falla de diálogo e negociación na elaboración do contido dos orzamentos do ano 2016.

- Reprobar igualmente a forma na que os orzamentos foron levados o pleno ordinario do 4 de agosto de 2016 como moción urxente dada a carencia de motivos e a falla de consenso para tal actuación.

- Solicitar a inmediata DIMISIÓN do Alcalde Don Juventino Trigo Rey pola actitude amosada co Partido Popular durante este ano de goberno no que foi incapaz de chegar a ningún acordo deixando de lado os 2.239 veciños que votaron a dita formación poñendo de manifesto que nin é o alcalde de todos nin agora é o alcalde do pleno o fallar a confianza dos seus socios de goberno.

Fene a 18 de agosto de 2016

Fdo.: Gumersindo Pedro Galego Feal"

Abre o debate o voceiro do grupo municipal do PP, Gumersindo Pedro Galego Feal, que di que esta moción é propia do seu partido, da actitude que tivo o goberno co PP á hora de negociar os orzamentos e non ten máis transcendencia que esa. Chámalle a atención que en determinadas redes sociais haxa determinados pasquís ou anuncios para vir a este Pleno como se aquí se fose a debater unha moción de censura e non é o caso. Derívase da xestión dos orzamentos, así o seu grupo reiterou varias veces que non quería que non se contase con el cara a unha negociación dos orzamentos, sabendo que o goberno tiña maioría absoluta, pero o seu grupo representa, con sete concelleiros, a 2239 veciños de Fene e debíasele ter chamado a esas negociacións. Non foron chamados á negociación e cree que a actitude que vén amosando, xa non só pola discusión dos orzamentos senón por todo este ano de goberno, é unha actitude de total esquecemento e total falla de colaboración á hora de facilitar información ou contar coa súa opinión para determinado tipo de cousas, feito que non sucedía cando gobernaba o PP, pois en catro anos aprobaron tres orzamentos e sempre chamaron a todos os grupos para negocialos. Por iso non lle gusta que se asocie o chamamento das redes sociais a esta moción e por iso reitera o seu contido. Tampouco lle gusta que nas redes sociais estean as cuestións privadas e particulares dos concelleiros, sexan do grupo que sexan, que non teñen que estar nin nas redes sociais nin na boca de ninguén, por iso pensa que cando se accede a esta casa se fai un determinado xuramento e unha determinada promesa, pensa que airear determinadas cousas na prensa ou nas redes sociais non favorece nin a quen o fixo nin ao seu goberno, que por sorte ou desgraza, pasoulle o que lle pasou. Lémbrale ao alcalde que cando tomou posesión dixo que este ía ser un Concello transparente e xa ve a transparencia que houbo, xa que esta moción presentouse o 19.08.2016 e a Comisión de Transparencia foi o seguinte venres dese mesmo mes. Nese tempo non lle deu tempo a metela na orde do día cando tivo a moción unha semana na Alcaldía e non incluíu a moción na Comisión de Transparencia, cando esta moción, o único que pretende é darlle transparencia e manifestar a situación que se deu co PP respecto dos orzamentos, nada máis. Como consecuencia de que un grupo político votou a favor desta moción xunto ao PP para incluíla nesta Comisión, foron criminalizados os dous grupos e apareceron todas estas cousas cando nada ten que ver o que se dixo co que aquí se vén tratar. De seguido lee a moción e reitera que é unha moción do PP pola actitude tida co seu grupo. Nada máis.

C.I.F.: P-1503600-G

A continuación fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal Socialista, Antón Lois Noceda Carballo, que di que a súa primeira consideración será polas formas, entende que cando un documento se presenta e afecta persoalmente a quen ten que tomar a decisión de como e cando se debate, a obriga de ser exquisito e dilixente nas formas é aínda máis contundente, por iso para o seu grupo resulta inexplicable que un documento desta natureza que afecta a quen ten que facer a orde do día do Pleno non se tivese a dilixencia oportuna para que se tratase do xeito correcto dentro da Comisión, por iso lamenta profundamente as formas. Respecto do contido da moción di que o seu grupo entende que hai motivos para pedirle responsabilidades e incluso a dimisión ao alcalde. Como dixo o voceiro do grupo municipal do PP, a maior parte das cuestións que formula a moción son cuestións de forma e trato co que o concelleiro de Facenda, Juventino Trigo, tratou ao PP neste período. Entende que o debate orzamentario quen o dirixiu e quen o organizou foi unicamente o alcalde e por tanto a el correspóndelle responder dos feitos que aquí se falan. Dende logo, de quen decidiu hai 20 días que se pode gobernar un Concello con catro concelleiros, que xa non lle facía falla a confianza do Pleno para seguir gobernando e que podía prescindir do partido Socialista, non pode esperar do seu partido ningún tipo de apoio e solidariedade neste Pleno. O seu grupo tamén entende que non pode apoiar unha moción que ten partes substanciais coas que non coincide pois hai parágrafos que cuestionan os xeitos que a Lei establece para a elección do alcalde. Para o seu grupo son lexítimas as dúas vías para acceder á Alcaldía e é lexítimo que se nomee alcalde a quen obteña a maioría do Pleno, porque ten lexitimidade democrática e así o establece o ordenamento, ou, en caso contrario, quedará elixido quen encabece a forza máis votada. Tamén é certo que se chega a este Pleno co señor Juventino Trigo ocupando a Alcaldía sen que estas circunstancias, ningunha das dúas, se dea, e polo tanto a lexitimidade democrática estea cuestionada, como logo dirá. Di que as formas con que o alcalde trata aos grupos políticos do Concello de Fene son francamente mellorables, a moción presentada afecta ás formas respecto do partido Popular e o partido Socialista non vai, en

ningún caso, a lexitimar a actitude do alcalde, menos aínda cando decidiu continuar como alcalde con só catro dos dezasete concelleiros do Pleno. Por todo isto o seu grupo vaise abster.

Seguidamente fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal Somos Fene, Xoán Manuel Rodríguez Bastida, que di que o seu grupo na Comisión de Dinamización Social e Transparencia, da que el foi o presidente ata o seu cese, votou a favor de que o PP puidera presentar a Moción de reprobación ao alcalde como votará logo á presentada polo grupo municipal Socialista e como votará sempre a calquera moción que calquera colectivo que represente legalmente aos veciños de Fene poida presentar, pois parécelle un elemental xeito de democracia. Respecto da Moción do PP di que é unha cuestión, entre comiñas, privada que rexeita o comportamento do alcalde e das súas funcións como concelleiro de Facenda. Di que non está de acordo con algunhas cousas que di e polo tanto o seu voto será a abstención.

De seguido fai uso da palabra a voceira do grupo Mixto municipal, María Carmen Rodríguez Martínez, que di que celebra que o propio voceiro do grupo municipal do PP admita que se trata dunha cuestión propia o que aforra moito do que pensaba dicir pero si hai cousas que quere aclarar. Por facer un pouco de memoria, adiántalle ao voceiro do grupo municipal do PP que non vai facer de voceira do grupo municipal do BNG, pero si vaille lembrar algunhas cousas que cita a moción. A moción di que os orzamentos se trouxeron ao Pleno sen tempo, apenas, para ver a documentación e, facendo memoria, pregunta catas veces se veu a un Pleno sen ter visto a documentación?, así lémbrale ao voceiro do grupo municipal do PP cando era alcalde cantas veces ten convocado á última hora da mañá para o día seguinte e vir ao Pleno sen tempo para ver ningunha documentación. Falou dos orzamentos aprobados e recriminou que se deben aprobar o 31 de decembro e preguntalle, cantos orzamentos aprobou na lexislatura que gobernou nesas datas?. Dille que os orzamentos do 2011 aprobáronse nun Pleno do 12 de agosto, pode entender que ese ano foron as eleccións e podería estar xustificado, pero os orzamentos do 2012 aprobáronse o 31 de maio, con cinco meses de retraso e os seguintes orzamentos que viñeron ao Pleno non se aprobaron e tivéronse que aprobar nunha Xunta de Goberno Local. Por todo isto di que dende que ela está no Concello nunca se aprobou ningún orzamento a 31 de decembro para comezar a traballar o 1 de xaneiro, por iso non lle parece xusto que se recrimine algo que o PP non foi quen de facer. A moción fala que non é de recibo que se pretenda seguir gobernando con catro concelleiros e di que Esquerda Unida non ten ningún motivo para variar a posición que tivo o día da investidura, na que outorgoulle a confianza ao alcalde do BNG. Entende que ó PP non lle guste estar na oposición con sete concelleiros, pero é lexítimo, e dille ao voceiro do grupo municipal do PP que hai que aprender a estar na oposición, así lémbrale como a súa voceira na lexislatura anterior lles dicía moitas veces nos Plenos á oposición que se quixeran gobernar debían ser valentes, xuntarse e gobernar, e iso é o que se fixo. Agora tócalles a vostedes asumir o papel que lles toca. A moción tamén fala do respecto que se lle debe aos votantes do PP e dille que os votantes de EU tamén o merecen e pode lembrarlle as veces que neste Pleno a súa voceira faltoulle ao respecto a EU, e polo tanto aos seus votantes, así nunha ocasión nun Pleno os compañeiros da corporación do BNG erguéronse e marcharon polas súas fallas de respecto e nunha Comisión de Cultura, a excompañeira Rita Couto ergueuse e marchou tamén polas fallas de respecto da súa voceira. Se vostede ten un problema co alcalde polas fallas de respecto, ou como lle queira chamar, con vostede, co seu grupo ou cos seus votantes, non pretenda que ela o vaia axudar. Dille ao voceiro do grupo municipal do PP que non é unha cuestión de vinganza senón que é unha cousa entre o PP e o alcalde. Se por cada vez que se lle faltou ao respecto tivese que pedir a dimisión da súa voceira non tería que pedir a dimisión senón que terían que pedir que a votaran do país, porque era sumamente grave as palabras que dirixía á súa persoa e, de rebote, aos seus votantes. Respecta que estea enfadado ou que non lle guste estar na oposición, pero con estes argumentos e se son estes os únicos, non é como para pedir a dimisión, aínda que conveña con vostede respecto que os orzamentos non se levaron ao Pleno da forma máis axeitada, pero todo isto non chega para pedir a dimisión; por iso preguntalle ao voceiro do grupo municipal do PP cando na súa lexislatura pediron a comparecencia da súa voceira pola escasa transparencia dalgunhas facturas que terían que ter feito?, pois daquela non se pediu a súa dimisión senón a súa comparecencia. Tampouco pode apoiar a súa petición de dimisión porque non se falou co seu grupo e non se consensuou con vostede porque con ela se consensuou, como xa dixo no Pleno dos orzamentos. Por todo isto non lle pode apoiar a súa moción.

A continuación fai uso da palabra a voceira do grupo municipal do BNG, Alejandra Permuy Meizoso, que di que o seu grupo vai votar en contra da moción por non estar para nada de acordo co dito polo voceiro do grupo municipal do PP, Gumersindo Pedro Galego Feal. Di que o alcalde conta co apoio e total confianza do seu grupo polo traballo que está a facer día a día co pobo de Fene e son

conscientes de que traballa todo o día, que non hai un número de persoas para traballar senón un traballo que facer e niso estase neste momento.

Seguidamente fai uso da palabra o alcalde que dille ao voceiro do grupo municipal do PP, Gumersindo Pedro Galego Feal, que o BNG non controla nin as redes sociais nin a prensa e lémbrelle a el e ao voceiro do grupo municipal Somos Fene, Xoán Manuel Rodríguez Bastida, que as novas que saíron na prensa non as facilitou o BNG e que eles saberán se a nota de prensa a pasou o PP ou quen foi, porque se pensan que o BNG controla "La Voz de Galicia" semella que o PP pensa na teoría da conspiración. Respecto da actitude amosada no Pleno ordinario do mes de agosto na que din que tivo unha actitude hostil co PP pensa que son eles (polos do PP) os únicos que a interpretaron así e que as formas foron exquisitas en todo momento. Respecto das remisións por correo electrónico do 14 de xullo di que é certo que foi así, segundo o acordado co seu voceiro. A estas alturas pensa que hai que modernizarse un pouco e mesmo o ministro do PP de Economía e Facenda presenta os orzamentos do Estado nun pendrive, por iso pensa que non é un problema que se acheguen os orzamentos por correo electrónico. Hai que se modernizar e di que está empeñado en facelo, así logo de moitos anos estanse modernizando módulos de decretos ou a migración do arquivo, cousas que levaban moitos anos paradas, pero hai que introducir as novas tecnoloxías o cal é oportuno hoxe en día. Di que dende o momento no que se enviou o correo electrónico pedíuselle, ao voceiro do grupo municipal do PP, achegas ao proxecto dos orzamentos e non fixo nin a primeira, se tivese feito unha soa achega sería convocado para ver o que tiñan que discutir. Pode ser que tivese que ter sido un pouco máis pillo e telo chamado aínda que non tivese nada que dicir. A moción fai referencia a Xunta de Voceiros do 01.08.2016, respecto do que dille que o PP repite ata a saciedade que teñen sete concelleiros e preguntalle, se ese día estaban todos de viaxe?, porque os demais concelleiros teñen vido ás Xuntas de Voceiros moitas veces; pensa que este tema non hai que sacalo pero como vostede insiste nel pois ten que dicir que no grupo do PP non hai ninguén que teña un día para vir á Xunta de Voceiros. A continuación lee literalmente o parágrafo da moción: "Igualmente se manifesta a posibilidade de que si o Partido Popular considera que debe celebrarse Comisión extraordinaria de Facenda e Pleno Extraordinario de Orzamentos tamen se facería." E di que sobre isto non hai moito que dicir, pero se non queren dar a súa opinión e non fan ningunha achega, nin sequera para dicir se queren vir ou non ese día, que máis pode dicir o alcalde que preguntarlles se lles parece oportuno ese día ou non, se se fai un Pleno ordinario ou un extraordinario e preguntalle ao voceiro do grupo municipal do PP, se quere convocalo vostede?. Que máis quere neste sentido?. No parágrafo primeiro da moción dise que o PP ten a documentación dende o 14 de xullo, documentación complementaria que tamén se lles achegou por correo electrónico e que foi remitida o 26 ou 27 de xullo, así lémbrelles que a presentación dos orzamentos esixe a realización dunha mesa xeral de negociación e cando se convocou dita mesa se lles facilitou a devandita documentación complementaria, así a mesa realizouse o 29 de xullo. O único documento que non recibiron ese día foi a Memoria da Alcaldía, un documento de 3 follas dentro do expediente que ten un total de 700 ou 800 follas. Por iso non poden dicir que non tiñan a documentación complementaria porque a tiñan dende o día 26 de xullo, a falla desta Memoria que como todos saben, é un documento de carácter político. O 4 de agosto votaron en contra da urxencia do debate dos orzamentos e se todos os argumentos que din fosen certos o normal sería que fixeran as críticas que lle tivesen que facer ao alcalde, pero non prexudicar aos veciños e non debater os orzamentos. Hoxe entraron a traballar neste Concello cinco traballadores por un Plan de emprego da Deputación cando tiñan que ter entrado 12, pero por estas cousas do personalismo e do politiquero atópanse nesta situación e vostedes saberán o porqué e darán as correspondentes explicacións do porqué ese plan de emprego, que estaba nos orzamentos, ao final non saíu adiante. Tamén terán que explicar vostedes porque a urxencia desta moción foi moito máis urxente e importante que a urxencia dos orzamentos, di que se trata dun curioso xeito de ser responsable, de xeito que o meu é urxente, o dos demais pode esperar e o dos veciños e veciñas xa para que!. Cando presentou os orzamentos xa dixo na súa primeira intervención, incluso na Memoria da Alcaldía se fixo responsable do retraso dos orzamentos, xa que como alcalde e concelleiro de Facenda é responsable, pero o seu grupo, polo PP, sempre presentou os orzamentos tarde, como dixo a voceira do grupo Mixto municipal, e falla o primeiro día no que se fixera responsable o alcalde ou o concelleiro de Facenda, que sempre lle votaron a culpa aos demais e non tiveron valor nin para facerse responsables como o fixo el. É certo que os orzamentos tiñan que estar aprobados o 31 de decembro do ano anterior dille ao voceiro do grupo municipal do PP, Gumersindo Pedro Galego Feal, que ten razón, así o seu grupo nunca o fixo e pensa que ninguén; non obstante lémbrelle que os orzamentos do 2015 entraron en vigor en novembro e sería bastante complicado ter en decembro os de 2016, pero aquí o traballo faise día a día. A moción di que o PP en catro anos aprobou tres orzamentos froito do diálogo ao que lle di que lembra que un foi aprobado na Xunta de Goberno Local, polo que dille que o diálogo non debeu ser o axeitado para aprobalos así, algo que foi criticado

C.I.F.: P-1503600-G

por toda a oposición e algo ao que o Tribunal Constitucional dixo que non se podía facer, pero vostede aproveitou eses meses para, saltándose ao Pleno, aprobar os orzamentos. Di que en dez meses presentou dous orzamentos e vostedes tres en catro anos, un aprobado na Xunta de Goberno Local, polo que se ve que o traballo se fixo. Di que hai outra verdade a medias que o PP ten a costume de usar e refírese ao número de votantes, o que é unha falla de respecto á intelixencia de todos os veciños e veciñas de Fene cando se chega a dicir que o PP ten 2.200 votos e o BNG 500, pero normalmente o que hai que comparar son eleccións con eleccións e lémbrale que o PP sacou 2200 votos e os partidos de esquerdas sacaron 4400 e sete concelleiros non son máis que 10. Respecto da xestión do Concello e da paralización dille ao voceiro do grupo municipal do PP, Gumersindo Pedro Galego Feal, que dende o 10 de agosto, día no que se cesou aos concelleiros que estaban no goberno, neste Concello asináronse 73 resolucións da alcaldía e no 2013, o goberno do PP, con seis concelleiros, sacou 61, co que o de paralización do goberno nada, incluso nos últimos días están saíndo os pregos do PAI 2016 (Lubián, Catalán e o plan complementario), o POS 2016, o PAS 2015 e os PAS convenios, todo isto nos últimos 15 días, aínda que había xa cousas aprobadas, pero toda a documentación pendente xa está preparada para licitar, con isto quere dicir que non hai paralización no Concello. Dille ao voceiro do grupo municipal do PP, Gumersindo Pedro Galego Feal, que os votos valen todos, que non valen máis os votos do PP que o do resto e que el é alcalde de todos os veciños e veciñas de Fene. Respecto da lexitimación para ser alcalde fai referencia ao artigo 19.2 da Lei 7/1985 de bases do réxime local que lee e dille que o Pleno pon e quita ao alcalde e por moito que os partidos políticos pidan a dimisión do alcalde non é outra cousa que un "brindis ao sol", así o que pretende vostede é elixir ao alcalde en función do que lle interesa pero o que vale é o que di a normativa. Mentres que se cumpra o acordo programático que tiñan asinado e polo que están traballando, mentres cumpran cos veciños e mentres que traballen, que foi o que se prometeu, seguiremos. De aquí a catro ou cinco meses verase o traballo que se estivo facendo e que se vai ver en todas as parroquias do Concello. Por todo isto anuncia que non vai dimitir.

A continuación fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal do PP, Gumersindo Pedro Galego Feal, que di que hai cousas que dependen do prisma co que se miren e dille ao alcalde que quizais non as mirou co prisma adecuado, porque pensa que dende que el é alcalde, dende o partido Popular ninguén lle pediu a dimisión, pero o que non recoñece é que as cuestións cambiaron e os momentos son moi diferentes. Respecto do último que dixo o alcalde de que vai haber obras por todos lados dille que a metade dos cartos desas obras as deixou o PP, así o campo de fútbol e a renovación da rede nas Pías son proxectos que xa estaban feitos. Respecto da tramitación das obras dille ao alcalde que, afortunadamente, neste Concello hai bos funcionarios que se dedican a facer os trámites porque non os fai o alcalde e lémbrale que cando chegou o PP ao goberno de Fene todos os plans provinciais e tres planes de cooperación cos concellos estaban sen facer e o BNG tamén ten responsabilidade porque tamén estivo no bipartito. Dille ao alcalde que ten que comprender que teña que criticar as formas coas que se fixo o orzamento pois parte da base de que o alcalde conta cunha maioría absoluta e a súa función é á de ser oposición. Dille que hai tempo que ten correo electrónico e máis cousas e cando lle din que non controlan as redes sociais a el chéganlle correos como o de que En Marea, Somos Fene e o PP presentan unha moción de reprobación.

A continuación intervén o alcalde que dille ao voceiro do grupo municipal do PP, Gumersindo Pedro Galego Feal, que dille que antes de dicir esa estupidez lea todo ese correo e mire ben quen lle envía eses correos. Non obstante pídelo que continúe a súa intervención.

Prosegue a dicir o voceiro do grupo municipal do PP, Gumersindo Pedro Galego Feal, que ao seu correo electrónico chéganlle estas cousas e por correo electrónico tamén lle chegaron só as partidas orzamentarias, nada máis e non o resto da documentación e cando dixo que antes da Mesa de Negociación a documentación estaba completa dille que o anexo de persoal non estaba e a memoria da alcaldía tampouco.

A continuación intervén o alcalde que dille ao voceiro do grupo municipal do PP, Gumersindo Pedro Galego Feal, que o anexo de persoal si que estaba.

Prosegue a dicir o voceiro do grupo municipal do PP, Gumersindo Pedro Galego Feal, que non estaba. Toda esa documentación tiña que estar preparada a trinta e un de decembro do ano anterior e é certo que nin o seu goberno nin os demais non os preparaban e todos o saben, pero é a primeira vez neste Concello que se presentan os orzamentos, no mes de agosto, como moción urxente. Respecto do que se o PP tivese feito algunha achega aos orzamentos dille que o PP traballou doutro xeito, el pasáballes un documento que se estudaba e logo de dez ou quince días se convocaba unha reunión

cos partidos, pero a iniciativa é de quen goberna e non de quen está na oposición, así o chamamento ten que vir do goberno para reunirse, moitas veces de xeito infrutuoso, como el se reuniu moitas veces coa concelleira de Esquerda Unida sabendo que non ían sacar nada, é máis, as veces sacaba cousas peores, pois as súas fallas de respecto si que foron grandes, xa que nas redes sociais colgou, cousa que logo rectificou no Pleno, que poñería a todas as mulleres do PP en fila e lles cuspiría a todas á cara, e iso si que é faltar ao respecto. Se vostedes consideraron que algún día a falta de respecto excede do que debería ser o trato normal que pode haber dentro deste Pleno como hai hoxe e no momento en que calquera persoa se "desmadre" e se pase da liña hai que ir ao xulgado para que lles vote unha man no que sexa pero, sempre e cando se garden determinadas formas, pensa que determinados cualificativos que se poden facer non son fallas de respecto e, como dixo o alcalde o outro día, el agora está a criticar as formas e así na moción do outro día non considera que lle faltasen ao respecto. Cando di que hai unha falla de respecto refírese a que se están a omitir unha serie de normas básicas e non é chamarlle a alguén imbecil.

Di que débense facer determinadas actuacións como se veñen facendo dende sempre e dende sempre unha moción urxente non vén a este Pleno, e moito menos que conte o alcalde que vai vir cos votos do PP, o que cualifica como de traca. Se o alcalde non os chama nin negocia con eles, cando dixo que lles pasou aos seus socios de goberno os orzamentos o quince de abril, e dicir que tempo houbo, pero se o alcalde decide non chamar nin negociar co PP e presentar os orzamentos mediante unha moción urxente pois alá el, é o que manda, é o concelleiro de Facenda e non vai ser o PP o que lle esixa un Pleno extraordinario, máxime sabendo que conta con maioría absoluta, por iso a actitude do PP non vai ser a de esixirle nada, por iso a contestación que lle deu ao alcalde foi que faga o que quixera, pois ten a maioría. Respecto da comparativa do número de votos di que está moi ben, pero o certo é o que pasa na realidade, por iso rógalle ao alcalde que tome nota do que pasa. Respecto do Plan de emprego da Deputación dille ao alcalde que na Deputación gobernan vostedes e xa sabe que o Plan de emprego vai nos orzamentos, pero estase a confundir unhas cousas coas outras. Parécelle moi ben que modernice o Concello logo de vinte anos de goberno do BNG non lle parece nada mal que se faga. Lémbrale ao alcalde que o grupo municipal do PP lle ofreceu os seus sete votos para os orzamentos cando estes non saían adiante porque eles xa viron o que estaba a pasar, pero vostede non deu ningún paso e non fixo nada. Pensa que hai un resumo en conxunto que manifestan todos e é que non se mantiveron as formas, cando menos co seu grupo, e iso é o que está a denunciar nesta moción. Se de verdade tivese a vontade de diálogo e de sacar uns orzamentos adiante, cando menos, debía coñecer a súa opinión e logo de pasarlle o documento, por correo electrónico e pasados uns días, ben podía ter levantado o teléfono. Remata a súa intervención dicíndolle ao alcalde que quen presenta os orzamentos é el.

C.I.F.: P-1503600-G

A continuación fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal Socialista, Antón Lois Noceda Carballo, que di que nesta segunda quenda do debate non se achega ningunha novidade, os feitos son os que son, pensa que as formas sempre son mellorables e probablemente todos cometen erros á hora da tramitación ou de determinadas cuestións. Entende que debería ser posible unha actitude razoable no que todo o mundo trate de perfeccionar as formas e manter o máximo respecto aos diferentes grupos da corporación. En calquera caso o PSOE segue a manter o criterio de absterse entendendo, primeiro, que as formas son mellorables, e segundo, que o responsable da tramitación dos orzamentos é o alcalde, que foi el quen decidiu gobernar con catro concelleiros e por iso ten que resolver a situación con eses catro concelleiros. Recomendalle ao alcalde algo máis de man esquerda, de "regate" e de prudencia.

Seguidamente fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal Somos Fene, Xoán Manuel Rodríguez Bastida, que di que non ten nada máis que comentar, sinxelamente se ratifica na abstención.

De seguido fai uso da palabra a voceira do grupo Mixto municipal, María Carmen Rodríguez Martínez, que di que quere matizar algunhas cousas por alusións. Dille ao voceiro do grupo municipal do PP, Gumersindo Pedro Galego Feal, que non ten neste momento un dicionario para dicirlle literalmente no que consiste unha falla de respecto pero non é só o de chamarlle ou non chamarlle algo, tamén hai moitas outras cousas que se poden considerar. Dille que ten razón e faille graza que critique que non se deben facer comentarios nas redes sociais, pero lémbrale que cando ela presentou unha moción pedindo a dimisión daquela señorita do partido Popular, Andrea Fabra, que ten un pai moi famoso ao que lle toca a lotería todos os anos e que estivo no cárcere hai pouco, que fixo aquel comentario no Parlamento cando se estaba a debater sobre os recortes dos desempregados e ela saíu con aquela expresión tan famosa: "que se jodan", presentou aquela moción que pedía a súa dimisión e como o PP non tiña argumentos para defender a esa señora foron ás redes sociais, ás

particulares e non as de Esquerda Unida, nas que atoparon o seu comentario que di textualmente: "as mulleres do PP habería que poñelas en fila e escupirlles", pero non explicou o porque deste comentario, que foi porque outra señora do PP, tamén moi famosa, se lle encheu a boca dicindo que os vagabundos que andan polas rúas de Madrid, como xeran mal ambiente, mal rolo e enchen as rúas de merda hai que retiralos, por iso veu o seu comentario, porque unha verdade a medias pode dar lugar a moitas interpretacións. É certo que lle dá noxo, o mesmo que se o comentario viñese doutra muller, aínda que fose de Esquerda Unida, que unha persoa diga que aos indixentes, en vez de buscarlles unha solución, haxa que quitalos e escondelos das rúas de Madrid. O seu comentario viña por aí, pode ser que fose unha falla de respecto, pero foi unha no medio de catro anos e non como a falla de respecto que recibiu ela e de rexeitamento aos seus votantes, así na Comisión do venres dixo que ía votar a favor da urxencia pero en contra da moción e a resposta da voceira do PP, coa elegancia natural que a caracteriza, foi que non esperaba outra cousa dela.

A continuación fai uso da palabra a concelleira do grupo municipal do PP, Rocío Aurora Bértoa Punte, que di que se fixeron alusións a súa persoa constantemente cando non ten responsabilidade de goberno nin ten nada que ver coa moción e o pode aguantar todo, igual que lle aguantou á concelleira do grupo Mixto municipal, María Carmen Rodríguez Martínez, as fallas de respecto a súa persoa de igual xeito que a vostede lle parece a súa actuación respecto dela. O que pasou na Comisión do outro día, cando lle dixo que non esperaba menos dela, pensa que non é unha falla de respecto porque é verdade que neste ano e medio todos os seus votos foron favorables ao alcalde. Dille que se entendeu que lle estaba a faltar ao respecto pídelle desculpas, pero co seu voto non contaba, como igualmente lle sorprendeu o voto de Somos Fene.

A continuación intervén o alcalde que pensa que o tema non dá para máis e quere salientar o dito polo voceiro do grupo municipal do PP, Gumersindo Pedro Galego Feal, de que todas as obras estaban listas cando chegaron ao goberno lembrándolle que a obra das Pías só tiña o proxecto, así todo o financiamento e a preparación da obra fíxose no último exercicio.

Seguidamente intervén o voceiro do grupo municipal do PP, Gumersindo Pedro Galego Feal, que di que non dixo tal e que en todo caso rectifica dicindo que deixaron o proxecto feito.

Prosegue a dicirlle o alcalde ao voceiro do grupo municipal do PP, Gumersindo Pedro Galego Feal, que o que di recorrentemente de que hai catro anos o PP tivo que facer os POS daqueles anos pero hoxe todas as obras que iniciou o PP xa están todas feitas, agás a da rúa Unión que acabará o luns ou martes, que por problemas técnicos do proxecto houbo que retrasala. Dille que non se preocupe porque se dentro de tres anos volve ao goberno non vai ter aquel problema, pois as obras van estar feitas. Por outro lado tamén quere esclarecer que antes falou do Plan de emprego da Deputación pola que comezaron cinco traballadores, pero nos orzamentos había outra achega municipal bastante superior que daba para outros sete traballadores, polo que eses orzamentos permitirían que hoxe houbera doce traballadores en vez de cinco.

Sometido o asunto a votación, foi aprobado por maioría simple de 6 votos a favor do grupo municipal do PP, 5 votos en contra (4 do grupo municipal do BNG e 1 do grupo Mixto municipal) e 5 abstencións (3 do grupo municipal Socialista e 2 do grupo municipal Somos Fene).

Á vista do resultado da votación, o Pleno acorda:

- 1. Reprobar a actitude amosada polo Alcalde de Fene e Concelleiro de Facenda Don Juventino Trigo Rey co Partido Popular de Fene pola total falla de diálogo e negociación na elaboración do contido dos orzamentos do ano 2016.**
- 2. Reprobar igualmente a forma na que os orzamentos foron levados o pleno ordinario do 4 de agosto de 2016 como moción urxente dada a carencia de motivos e a falla de consenso para tal actuación.**
- 3. Solicitar a inmediata DIMISIÓN do Alcalde Don Juventino Trigo Rey pola actitude amosada co Partido Popular durante este ano de goberno no que foi incapaz de chegar a ningún acordo deixando de lado os 2.239 veciños que votaron a dita formación poñendo de manifesto que nin é o alcalde de todos nin agora é o alcalde do pleno o fallar a confianza dos seus socios de goberno.**

6. Previa ratificación da súa inclusión na orde do día, aprobación, se procede, do Convenio de colaboración entre o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar e o Concello de Fene para a xestión e financiamento da escola infantil do concello de Fene (Barallobre)

Logo de ratificar a súa inclusión na orde do día coa unanimidade dos concelleiros presentes, o alcalde dá lectura á seguinte proposta:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

O 1 de agosto de 2016 tivo entrada no rexistro xeral do concello un escrito do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar polo que se comunica que o Consorcio ten previsto proceder á apertura da escola infantil de Barallobre para o que considera necesaria a formalización do correspondente convenio de colaboración co Concello para a xestión da devandita escola de conformidade ecos criterios económicos previstos no Acordo marco formalizado entre a Consellería de Política Social e a FEGAMP o pasado 11 de maio de 2016.

Na cláusula terceira de dito convenio figura que o Concello asumiría a obriga de contribuír no financiamento dos gastos de funcionamento do centro cun importe de 900 euros/ano por cada unha das prazas ocupadas por persoas usuarias da escola infantil; asumindo ademais a prestación dunha serie de servizos que aparecen enumerados.

Tendo coñecemento de que cabe a posibilidade de asinar un convenio para a xestión da escola infantil no que a obriga do concello consistiría en efectuar unha achega de 1.500 euros praza/ano por cada unha das prazas ocupadas por persoas usuarias sen ter que asumir o concello outros custos de mantemento, solicítase ao Consorcio que achegue dito convenio tendo este entrada no Rexistro Xeral do Concello con data 29 de agosto de 2016.

O interese do concello na apertura dunha escola infantil en Barallobre xa se ven manifestando por distintas corporacións municipais mediante a adopción de distintos acordos indispensables para que esta se fixera realidade, como a adopción dos acordos precisos para poñer a disposición os terreos precisos para a súa construción, así como a sinatura dun convenio para a súa construción no que se manifestou a vontade das partes de que a xestión do centro fora realizada a través dun convenio de colaboración asinado co Consorcio.

Á vista das dúas opcións de convenio achegadas e tendo en conta que se descoñecen os custos derivados das actuacións de mantemento que poda precisar a escola e que a listaxe das actuacións de conservación e mantemento ás que tería que facer fronte o concello óptase por elixir a opción de asinar o convenio achegado con data 29 de agosto de 2016 que supón unha achega de 1.500 euros praza/ano sen que a xestión da escola supoña ningún gasto máis para o concello.

O 29 de agosto de 2016, a secretaría e a intervención municipal emiten un informe conxunto sobre a proposta de asinar o convenio co Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar para a xestión e financiamento da escola infantil de Barallobre que literalmente transcrito di:

“INFORME CONXUNTO SECRETARÍA E INTERVENCIÓN 56/2016

ASUNTO: Proposta de convenio de colaboración entre o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar e o Concello de Fene para a xestión e financiamento da escola infantil do Concello de Fene (Barallobre)

I.- ANTECEDENTES

- Acordo plenario de data 7/11/2013 mediante o que se adopta o acordo de aprobar o convenio de colaboración entre o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar e o concello para a construción dunha escola infantil no concello, a posta a disposición dos terreos necesarios, a inclusión nos orzamentos do importe correspondente ao 40 % do custo da actuación así como o compromiso do concello de subscribir un convenio de xestión, que non supoña incremento de gasto para a Xunta de Galicia, co obxecto de atender os gastos de funcionamento do equipamento unha vez construído.

- Convenio de colaboración entre o Consorcio e o Concello para a construción dunha escola infantil asinado con data 27 de decembro de 2013, así como varias adendas polas que se prorroga dito convenio.

- Proposta de convenio achegado polo Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar con data 1 de agosto de 2016 para a xestión da escola infantil, de conformidade cos criterios económicos previstos no acordo marco formalizado entre a Consellería de Política Social e a FEGAMP o 11 de maio de 2016.

Na cláusula terceira de dita proposta de convenio figura que o Concello asumiría a obriga de contribuir no financiamento dos gastos de funcionamento do centro cun importe de 900 euros/ano por cada unha das prazas ocupadas por persoas usuarias da escola infantil; asumindo ademais a prestación dunha serie de servizos que aparecen enumerados.

- Acordo marco FEGAMP-Consellería de Política Social en relación ao Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar asinado con data 11 de maio de 2016 (texto que acompaña á proposta de convenio achegada con data 1 de agosto de 2016).

- Proposta de convenio de colaboración entre o Consorcio e o Concello para a xestión da escola infantil achegada con data 29 de agosto de 2016.

Na cláusula terceira de dita proposta de convenio figura que o Concello asumiría a obriga de contribuir ao financiamento dos gastos de funcionamento do centro cun importe de 1.500 euros/ano por cada unha das prazas ocupadas por persoas usuarias da escola infantil, sin ter que asumir o concello ningún outro custo de mantemento.

- Proposta da alcaldía de data 29 de agosto de 2016 de aprobación da sinatura do convenio de colaboración co Consorcio para a xestión da escola infantil de conformidade co texto achegado con data 29 de agosto de 2016 o que suporá unha achega por parte do Concello de 1.500 euros/ano por cada unha das prazas ocupadas non tendo que asumir ningún outro custo de mantemento do centro.

II.- LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL)

- Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da administración local (LRSAL)

- Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da administración local

- Real Decreto Legislativo 2/2004, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais (TRLRFL)

- Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira (LOEPSF)

III.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

1.- Natureza xurídica do convenio de colaboración proposto e competencia

O convenio cuxa aprobación propón a alcaldía trátase dun convenio de colaboración interadministrativo que se rixe polo recollido no artigo 57 da LRBRL que ten como obxecto a xestión da escola infantil de Barallobre. O obxecto deste convenio e a competencia para o seu exercicio será obxecto de análise máis adiante.

En canto ao réxime xurídico aplicable para a determinación do órgano competente para a súa aprobación debemos estar ao disposto no artigo 47.2.h) LRBRL que establece que requirirá o voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros das corporacións a adopción dos acordos que supoñan a aceptación dunha delegación ou encomenda de xestión efectuada por outras administracións e o disposto no artigo 22.2.p) que establece a competencia do pleno para aqueles asuntos cuxa aprobación requira unha maioría especial. Neste caso, o concello a través deste convenio acepta xestionar conxuntamente co Consorcio a escola infantil cuxa construción e posterior xestión foi encomendada pola Consellería de Traballo e Benestar o 8 de agosto de 2012 ao Consorcio do que forma parte o Concello como así consta no convenio asinado entre o Concello e o Consorcio para a construción da escola. Estamos en consecuencia ante unha competencia plenaria que require para a súa aprobación a maioría absoluta do número legal de membros da corporación.

En canto á sinatura do documento físico no que se materializará o convenio, a representación legal corresponde ao alcalde de conformidade co recollido no artigo 21.1.b) LRBRL.

2.- Habilitación legal para a sinatura do convenio

O obxecto do convenio cuxa sinatura se propón aparece recollido na cláusula Primeira e é o de "establecer o marco de colaboración para asumir a xestión e financiamento do servizo de escola infantil do Concello de Fene detallado no anexo I do presente Convenio, co fin de garantir a prestación deste servizo no Concello".

No momento da sinatura do convenio de colaboración para a construción da escola infantil o 27 de decembro de 2013 o concello ostentaba competencias para a prestación dos servizos sociais e para "participar en la programación de la enseñanza y cooperar con la Administración educativa en la creación, construcción y sostenimiento de los centros docentes públicos, intervenir en sus órganos de gestión y participar en la vigilancia del cumplimiento de la escolaridad obligatoria." É por isto polo que entraba dentro das competencias propias do Concello a construción da escola e o seu

sostenemento para o que se comprometeu a subscribir un convenio de xestión co obxecto de atender os gastos de funcionamento do equipamento da escola infantil unha vez finalizada a súa construción.

Trala aprobación da LRSAL que entra en vigor o 31 de decembro de 2013, modifícase o sistema de atribución de competencias aos municipios, optando por un sistema de atribución tasada de competencias, que se clasifican en propias ou delegadas. Modifícase o artigo 25 LRBRL, pasando dunha atribución xenérica ao municipio de facultades casi ilimitadas para a xestión dos seus intereses a unha limitada ás previstas no referido artigo, e prodúcese ademais a desaparición do artigo 28 que establecía a posibilidade de que os municipios desenvolvesen actividades complementarias ás propias de outras administracións.

Tras esta modificación da LRBRL a competencia do municipio en materia de educación queda reducida ao recollido no artigo 25.2.n) "*Participar en la vigilancia del cumplimiento de la escolaridad obligatoria y cooperar con las Administraciones educativas correspondientes en la obtención de los solares necesarios para la construcción de nuevos centros docentes. La conservación, mantenimiento y vigilancia de los edificios de titularidad local destinados a centros públicos de educación infantil, de educación primaria o de educación especial.*"

A habilitación legal para poder subscribir este convenio trala modificación do réxime de competencias locais a atopamos na Disposición adicional segunda da Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da administración local, que establece "*1. La cooperación económica, técnica y administrativa entre la Administración local y la Administración de la Comunidad Autónoma, tanto en servicios locales como en asuntos de interés común, se desarrollará con carácter voluntario, de acuerdo con el artículo 57 de la Ley 7/1985, de 2 de abril, de bases de régimen local, bajo las formas y en los términos previstos en las leyes, y podrá tener lugar, en todo caso, mediante los consorcios o convenios administrativos que suscriban.*" Polo tanto, o Concello pode asinar convenios de colaboración coa administración da Comunidade Autónoma en asuntos de "interés común". A alcaldía na súa proposta de aprobación do convenio manifesta o interese do concello na apertura da escola infantil de Barallobre, cumpríndose deste xeito este requisito que ao tratarse dun concepto indeterminado non compete aos que subscriben o seu control. De conformidade coa DA 2ª apartado 4.b) da Lei 5/2014, a cooperación pode comprender "*La ayuda financiera a una de las partes para el ejercicio de actividades de su competencia o para el ejercicio por las entidades locales de competencias distintas de las atribuidas como propias o delegadas.*" A cláusula terceira do convenio establece como obriga do concello "*contribuir ao financiamento dos gastos de funcionamento do centro (gasto corrente-capítulos I a IV-) para o cal transferirá anualmente ao Conorcio, durante todo o período de vixencia do convenio, un importe de 1.500 euros/ano por cada unha das prazas ocupadas por persoas usuarias da escola infantil*" Esta obriga de efectuar achegas para o mantemento, incardínase en consecuencia nunha das materias que pode comprender a colaboración entre o concello e a administración autonómica respetando o recollido na DA 2ª da Lei 5/2014.

3.- Requisitos que deben cumprirse para que poda procederse á sinatura dun convenio de cooperación coa administración autonómica para asuntos de interés común.

A DA 2ª da Lei 5/2014 establece nos seus apartados 2 e 3 os seguintes requisitos para que poda procederse á sinatura dun convenio de colaboración interadministrativo que poden concretarse nos seguintes

- A) A eliminación de duplicidades administrativas
- B) O cumprimento da lexislación de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira

En canto ao cumprimento de ditos requisitos especifica que "*sin que para su formalización o constitución deban solicitarse los informes preceptivos que se regulan en la presente ley.*" Os informes ao que fai referencia dita disposición debe entenderse que son os que aparecen recollidos no artigo 3.4 de dita norma, isto é, o informe previo da administración competente por razón da materia no que se sinala a inexistencia de duplicidades e o informe da Consellería de Facenda como titular da competencia de tutela financeira sobre as entidades locais galegas sobre a sostenibilidade financeira das novas competencias.

A non necesidade de contar con ditos informes das consellerías competentes como requisito previo para poder asinar o convenio non debe exonerar ao concello da súa obriga de comprobar que se cumpren os requisitos esixidos na DA 2ª. É por isto polo que se procede neste informe a efectuar dito análise coa finalidade de verificar que a sinatura do convenio cumpre cos requisitos legalmente esixidos.

A) A eliminación de duplicidades administrativas

Estamos neste caso ante un convenio de colaboración entre dúas administracións para a xestión e financiamento dunha escola infantil de forma conxunta. A propia natureza do obxecto do convenio

evita que este servizo sexa prestado por duplicado, xa que ambas en colaboración prestarán dito servizo. Queda acreditada por tanto, a inexistencia de duplicidades no exercicio de dita competencia.

B) O cumprimento da lexislación de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira

Na cláusula sexta do convenio asinado entre o Consorcio e o concello para a construción da escola infantil dispónse que *"Unha vez rematada a construción, o Concello e o Consorcio ou, no seu caso, quen asuma as súas competencias suscribirán un convenio para a xestión da escola infantil, que non supoña un incremento de gasto para a Xunta de Galicia, co obxecto de atender os gastos de funcionamento do equipamento unha vez construído. Os gastos de funcionamento da escola infantil asumidos polo concello en virtude do devandito convenio non serán en ningún caso inferiores ao terzo dos gastos totais correspondentes á xestión integral do centro(...)"*

No informe da intervención e secretaría municipais emitido como consecuencia da proposta de sinatura do convenio, no seu apartado cuarto xa advertían de que *"pola propia referencia que esta cláusula realiza respecto da suscripción dun futuro convenio de xestión, unha vez esté rematada a construción, será neste momento e, en todo caso previa cuantificación económica dos gastos estimados totais que suporá a xestión da escola infantil (gastos de persoal, gastos en bens correntes e servizos, etc), cando esta Intervención deba pronunciarse sobre a existencia ou non de crédito axeitado no orzamento do Concello para facer fronte ós citados gastos, que segundo esta mesma cláusula, en ningún caso serán inferiores ao terzo dos gastos totais correspondentes á xestión integral do centro."*

No anexo I do Acordo marco asinado entre a FEGAMP e a Consellería de Política Social con data 11 de maio de 2016 en relación ao Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, adicado ás escolas infantís, pátense dun custo medio aceptado de 4.500 euros praza/ano, debendo os concellos efectuar unha achega de 1.500 euros praza/ano correspondente a unha terceira parte do custo.

Non consta no expediente un estudo económico que xustifique o custo praza/ano do que parte o Consorcio para determinar o importe que lle corresponde achegar ao concello en execución do compromiso adquirido mediante acordo plenario de 7 de novembro de 2013 de financiar con al menos un tercio os custos de xestión da escola.

Solicitada esta documentación ao Consorcio e á FEGAMP consta no expediente un escrito sen asinar no que explican que para determinar o custo de xestión da escola estudiáronse *"unha mostra de escolas infantís ubicadas nalgunhas cidades e vilas e con distintas unidades, que xestiona íntegramente o Consorcio (incluído o mantemento), e outras Escolas tamén de distintas características e ubicacións que son xestionadas polo Consorcio co mantemento por parte dos Concellos"*. Non consta polo tanto, un estudo económico específico dos custos que suporá a xestión da escola infantil de Barallobre, que non ten por qué coincidir obviamente co custo medio de mantemento das escolas en base ao que o Consorcio efectúa a súa proposta. A existencia deste estudo de custos é requisito indispensable para poder determinar si coa sinatura deste convenio se está a cumprir o compromiso recollido no convenio asinado con data 27 de decembro de 2013 e que cifraba nun mínimo do tercio dos gastos totais correspondentes á xestión integral do centro a achega do concello. Así mesmo, os custos de xestión da escola é de prever que non sexan os mesmos cada ano non establecendo o convenio proposto ningunha fórmula de revisión que permita minorar a achega do concello no caso de que os custos de xestión da escola de Barallobre sexan inferiores aos fixados. O artigo 116 ter LRBR establece que *"Todas las Entidades Locales calcularán antes del día 1 de noviembre de cada año el coste efectivo de los servicios que prestan, partiendo de los datos contenidos en la liquidación del presupuesto general y, en su caso, de las cuentas anuales aprobadas de las entidades vinculadas o dependientes, correspondiente al ejercicio inmediato anterior."* A obrigatoriedade de efectuar polo concello o cálculo do coste efectivo dos servizos que presta debe extenderse tamén a aqueles que presta en colaboración con outras administracións, máxime cando non é o titular orixinario da competencia. É preciso que a fixación inicial do custo de servizo, que será sempre sobre previsións, conte cun estudo económico e neste caso que se trata de que o concello efectúa achegas a outra entidade que éstas se efectúen sobre custos reais ou que alomeno se estableza no caso de pago anticipados a posibilidade de regularizar as achegas unha vez coñecidos os custos reais da actuación.

Non consta no expediente un estudo económico dos custos derivados da xestión da escola infantil de Barallobre nin se inclúe no proxecto de convenio unha cláusula de revisión que permita que as achegas se efectúen en base aos custos reais da xestión, polo que o presente convenio debe ser informado desfavorablemente nese aspecto.

Aos efectos de poder determinar si o Concello pode facer fronte aos custos derivados da xestión da escola e partindo de que segundo o convenio deberá proceder a efectuar unha achega de 1.500 euros praza/ano e que a escola conta con 41 prazas a achega municipal alcanzará como máximo os 61.500 euros ao ano.

A LOEPSF non recolle qué magnitudes deben ser analizadas nos informes que sexa preciso elaborar como consecuencia da asunción polo concello de novas competencias ou da prestación de ditas competencias de forma conxunta con outras administracións. Tendo en conta os datos que esixe que se lle envíe o Ministerio para a elaboración de ditos informes e o contido da LOEPSF considero que para concluir si coa sinatura do concello cúmprese coa LOEPSF é preciso analizar conxuntamente o varias magnitudes. Tendo en conta que estamos a metade do exercicio e que o custo derivado da sinatura do convenio farase efectivo durante o exercicio 2017 terase en conta o contido do informe da liquidación do orzamento do exercicio 2015 xa que é a derradeira aprobada, así como a previsión do resultado do cumprimento de distintas magnitudes a 31 de decembro de 2016 efectuada con ocasión da remisión da información trimestral ao Ministerio.

a) Estabilidade orzamentaria

Tal e como se desprende da información correspondente ao 2º trimestre prevese que o concello pechará o exercicio 2016 con capacidade de financiamento. Así mesmo, no informe de intervención á liquidación do orzamento do exercicio 2015 verifícase que o concello pechou o exercicio con capacidade de financiamento por importe de 214.723,7.

b) Límite de endebedamento

No informe de intervención á liquidación do orzamento do 2015 verifícase o cumprimento do límite de endebedamento.

c) Regra de gasto

A liquidación do orzamento do 2015 incumpriu co obxectivo da regra de gasto. De conformidade coa información remitida ao Ministerio o 1ºT e o 2ºT de 2016 estímase que a 31 de decembro de 2016 cumprírase a regra de gasto.

d) Período medio de pago a provedores

O período medio de pago a provedores sitúase a finais do 2ºT do 2016 en 90,94 días, incumprindo polo tanto o prazo máximo de 30 días que establece a normativa. O incumprimento do período medio de pago a provedores como ven reiterando en diversos informes a tesourería municipal non é debido á falta de liquidez para facer fronte o concello ás súas obrigas.

e) Aforro neto

O aforro neto é o parámetro máis adecuado para medir a solvencia financeira a longo prazo do concello.

A liquidación do orzamento do exercicio 2015 arroxa un aforro neto positivo que ascende a 1.308.993,60. Obsérvase no caso do concello que existe unha prevalencia dos ingresos correntes sobre os gastos correntes que pode adicarse ao financiamento de operacións de capital.

A sinatura do convenio de xestión da escola infantil suporía un aumento dos gastos correntes do concello nun importe que ascendería a 61.500 euros. Á vista deste importe e analizadas as magnitudes anteriores queda claro que a súa asunción non suporía en ningún momento que o concello incumprise o obxectivo de estabilidade orzamentaria ou o límite de débeda pois non sería preciso acudir ao endebedamento para facer fronte aos custos derivados da súa sinatura. O incumprimento do obxectivo da regra de gasto que se puxo de manifesto con ocasión da aprobación da liquidación do exercicio 2015 prevese que se cumprirá a 31 de decembro de 2016. O período medio de pago é moito máis elevado do que permite a norma pero tendo en conta que non está motivado por unha falta de liquidez do concello e que a execución do convenio non suporá unha entrada de facturas no concello que ralenticen os trámites administrativos precisos para a aprobación de facturas ao optarse por non facer fronte directamente ás labores de mantemento do centro, o seu incumprimento neste caso non se considera un indicador relevante para determinar que a sinatura do convenio vaia a poñer en risco a sustentabilidade financeira do concello.

A vista de todo o exposto e sobre todo do importe elevado do aforro neto positivo do concello pode afirmarse que a **sinatura do convenio non pon en risco a sustentabilidade financeira do concello.**

É preciso facer a advertencia de que no caso de que como consecuencia da prestación obxecto do presente convenio se produza un incumprimento da lexislación de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira de conformidade co recollido na LOEPSF e o artigo 116 bis LRBRLL deberá aprobarse un plan económico financeiro que debe incluír entre as súas medidas "a) *Supresión de las competencias que ejerza la Entidad Local que sean distintas de las propias y de las ejercidas por delegación.*"

4.- Existencia de crédito adecuado e suficiente para facer fronte ao gasto derivado da sinatura

De conformidade co recollido no Anexo II do Convenio a achega do concello farase efectiva en dous pagamentos semestrais unha vez coñecido o nivel de ocupación da escola remitíndose dúas liquidacións, a primeira nos meses de maio-xuño correspondente á matrícula da primeira metade do

curso escola iniciado no mes de setembro inmediatamente anterior e a segunda nos meses de novembro-décembro correspondente á segunda metade restante do curso escolar.

Tendo en conta isto a primeira achega á que terá que facer fronte o concello producirase en maio-xuño do 2017 e será a correspondente á primeira metade do curso escolar iniciado en setembro de 2016.

En consecuencia non procede verificar a existencia de crédito adecuado e suficiente para facer fronte a ningún gasto con cargo ao orzamento do exercicio 2016. Como consecuencia da sinatura deste convenio o concello comprométese a consignar nos seus orzamentos mentres dure a vixencia do convenio o importe preciso para facer fronte aos custos derivados do mesmo.

IV.- CONCLUSIÓNS

Á vista de todo o exposto no presente informe o presente convenio debe ser informado desfavorablemente únicamente por non constar no expediente un estudo económico detallado dos custos derivados da xestión da escola infantil de Barallobre e por non incluír no proxecto de convenio unha cláusula de revisión que permita asegurar que as achegas se efectúan en base aos custos reais da xestión; contando co informe favorable dos que subscriben no que se refire ao resto das cuestións analizadas”.

Logo de ver canto antecede, propóñolle ao Pleno que ACORDE:

PRIMEIRO.- O compromiso de incluír nos orzamentos dos exercicios aos que afecta o convenio do importe correspondente á achega municipal que deba satisfacerse en función do número de usuarios da escola que comunique o Consorcio por un importe de 1.500 euros praza/ano.

SEGUNDO.- Aprobar o convenio de colaboración entre o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar e o Concello para a xestión e o financiamento da escola infantil do Concello de Fene (Barallobre) que se transcribe de seguido:

“CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONSORCIO GALEGO DE SERVIZOS DE IGUALDADE E BENESTAR E O CONCELLO DE FENE PARA A XESTIÓN E FINANCIAMENTO DA ESCOLA INFANTIL DO CONCELLO DE FENE (BARALLOBRE)

REUNIDOS

Dunha parte, Don José Manuel Rey Varela, Conselleiro de Política Social, en virtude da súa condición de Presidente do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, segundo o previsto no artigo 13 dos estatutos que o regulan (DOG núm. 131, do 7 de xullo de 2006), e de conformidade coas atribucións que lle encomendan os artigos 18 e demais concordantes dos referidos estatutos.

Doutra parte, Don Juventino Trigo Rei actuando en representación do Concello de Fene en virtude da súa condición de Alcalde Presidente da citada Corporación, segundo o disposto no artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e no artigo 61 da Lei 5/1997 do 22 de xullo, de administración local de Galicia.

As partes, no nome e representación que ostentan e coa capacidade legal para este acto,

EXPOÑEN

PRIMEIRO.- Que o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar (en diante o Consorcio), creado en virtude do convenio de colaboración suscrito o día 3 de xullo de 2006, de acordo co artigo 6 dos seus estatutos, publicados no DOG do 7 de xullo de 2006, ten como misión primordial a participación na dirección, avaliación e control da xestión dos servizos sociais de ámbito local, (centros de prestación de servizos sociais de atención especializada e tamén centros de prestación de servizos sociais de atención primaria “cando así o solicite o concello interesado”).

Que o Consorcio naceu así, de acordo ás súas finalidades e competencias, co obxecto de implantar un modelo homoxéneo de prestación de servizos sociais e desta maneira: garantir o acceso de todos os galegos e galegas a uns servizos sociais públicos de calidade, a través dunha oferta de recursos suficiente e equilibrada territorialmente; incrementar os niveis de cobertura, intensidade e calidade de atención dos distintos servizos e prestacións;

Realizar unha distribución efectiva dos servizos e prestacións a fin de dar resposta ás necesidades reais da poboación, asignando equitativamente o uso e acceso aos recursos sociais dispoñibles, a través de procesos de planificación previa, e tendo como principio de actuación o mantemento das persoas no seu contorno propio.

SEGUNDO.- A Lei 13/2008, do 3 de decembro, de Servizos Sociais de Galicia, establece no seu artigo 64 que a Xunta de Galicia promoverá unha efectiva coordinación e cooperación cos concellos co fin de asegurar a calidade e cunha cobertura equilibrada dos servizos sociais en todo o territorio, especialmente no que atinxe á creación e ao mantemento de servizos sociais comunitarios específicos. Esta coordinación poderá levarse a cabo a través de fórmulas xurídicas adecuadas para tal fin, como as fórmulas de cooperación interadministrativa de natureza consorcial. Para estes efectos, a disposición adicional segunda da devandita lei fai referencia expresa ao Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar para o cumprimento deses obxectivos, ao estipular que o Consorcio promoverá a coordinación e cooperación efectiva cos concellos galegos co fin de asegurar unha cobertura equilibrada dos servizos sociais en todo o territorio de Galicia.

Asemade, a Lei 13/2008 prevé no seu artigo 29.1 que os servizos sociais prestaranos as administracións públicas directamente ou, de maneira indirecta, a través das diversas modalidades de contratación da xestión de servizos públicos establecidos na normativa reguladora dos contratos do sector público.

TERCEIRO.- Que con data de 11 de maio de 2016 a Consellería de Política Social e a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) asinaron un acordo marco en relación co Consorcio no que se considera que a fórmula consorcial é un modelo idóneo para seguir prestando e cofinanciando servizos sociais de maneira conxunta e coordinada entre a Administración Autonómica e a Administración Local. Neste acordo marco enténdese prioritario para manter esa fórmula consorcial de colaboración, o establecemento dun modelo de cofinanciamento claro que garanta a viabilidade económica presente e futura dos servizos que se prestan no ámbito local polo Consorcio, quedando estipuladas as condicións deste cofinanciamento para os convenios que poidan asinarse cos concellos para a xestión destes servizos, nomeadamente, escolas infantís e centros de día.

CUARTO.- Que o Concello de Fene adheriuse ao Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar por medio de Convenio asinado con data de 24 de xullo de 2006.

QUINTO.- Que con data de 27 de decembro de 2013 o Consorcio e o Concello de Fene asinaron un convenio para a construción dunha escola infantil, no que se manifestou a vontade das partes de que a xestión do centro fora realizada a través dun convenio asinado co Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar.

SEXTO.- Que en virtude de todo o exposto, o Consorcio e o Concello de Fene coinciden na conveniencia de establecer o marco de colaboración para a xestión e financiamento do servizo de escola infantil, garantindo así a prestación deste servizo no Concello.

Que de conformidade con todo o exposto, as partes, en virtude da representación coa que interveñen, acordan a subscrición do presente convenio coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto

O obxecto do presente convenio é establecer o marco de colaboración para asumir a xestión e financiamento do servizo de escola infantil do Concello de Fene detallado no anexo I do presente Convenio, co fin de garantir a prestación deste servizo no Concello

SEGUNDA.- Xestión da escola infantil

O Consorcio ou, de ser o caso, o ente que asuma as súas competencias, asumirá a dirección, avaliación e xestión do dito centro de acordo cos Estatutos que o regulan, a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, o Decreto 254/2011, de 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e inspección dos servizos sociais de Galicia, o Decreto 329/2005, de 28 de xullo, polo que se regulan os centros de menores e os centros de atención á infancia e demais normativa de aplicación.

TERCEIRA.- Obrigas das partes

a) Ao Consorcio correspóndelle a xestión da escola infantil, de calquera das formas previstas na lexislación vixente, segundo o previsto na cláusula segunda do presente convenio.

b) O Concello asume, en virtude do presente convenio, a obriga de contribuír ao financiamento dos gastos de funcionamento do centro (gasto corrente – capítulos I a IV –) para o cal transferirá anualmente ao Consorcio, durante todo o período de vixencia do convenio, un importe de 1500 euros/ano por cada unha das prazas ocupadas por persoas usuarias da escola infantil, segundo se establece no anexo II do presente convenio.

c) As achegas comprometidas polo Concello en virtude do presente convenio terán a consideración de débedas firmes, líquidas e esixibles e poderán ser obxecto de compensación coa participación destes no Fondo de Cooperación Local, de acordo co disposto na súa regulación.

CUARTA.- Protección de datos de carácter persoal

As partes comprométense a tratar os datos de carácter persoal coa finalidade exclusiva da prestación do servizo e ao cumprimento das obrigas establecidas en relación co seu tratamento, de conformidade co previsto na Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, e o disposto no Real Decreto 1720/2007, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da referida lei orgánica e, en todo momento, as disposicións vixentes na materia.

QUINTA.- Comisión de seguimento

Créase unha comisión mixta para a vixilancia e seguimento do convenio que estará integrada polo Alcalde do Concello e a persoa titular da xerencia do Consorcio ou persoas en quen deleguen.

As funcións desta comisión serán as seguintes:

Avaliación dos resultados da execución do convenio

Resolución das dúbidas e discrepancias que poidan xurdir na interpretación e aplicación do convenio

Resolución dos problemas que se presenten na execución do convenio, garantindo o desenvolvemento normal dos compromisos adquiridos

Adopción de acordos relativos ao cofinanciamento de gastos de investimento no centro, de ser o caso, que serían sempre deducidos da achega que lle corresponda ao Concello

SEXTA.- Duración e entrada en vigor

O presente convenio entrará en vigor o día da súa sinatura e terá unha duración de dez anos desde a devandita data, entendéndose prorrogado tacitamente por períodos anuais se non hai denuncia expresa das partes, comunicada cunha antelación de dous meses.

SÉTIMA.- Causas de resolución

Serán causas de resolución do presente convenio:

a) O acordo das partes asinantes.

b) O incumprimento total ou parcial de calquera das cláusulas establecidas no mesmo.

c) A concorrencia de circunstancias que determinen a imposibilidade de realizar as actuacións previstas no convenio.

OITAVA.- Publicidade

O convenio será obxecto de publicación de conformidade co artigo 11. 1 da Lei 4/2006, de 30 de xuño de transparencia e boas prácticas Administración pública galega e, consonte o previsto no Decreto 126/2006 polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, o Consorcio remitirá ao órgano correspondente, orixinal e copia compulsada deste convenio, unha vez asinado, para os efectos de inscrición no devandito rexistro.

NOVENA.- Natureza e réxime xurídico aplicable

O presente convenio terá carácter administrativo. Os seus efectos rexeranse polo establecido nas cláusulas do mesmo e no, non previsto, aplicaráselle os principios do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público para resolver as lagoas e dúbidas que puideran presentarse.

As cuestións litixiosas que xurdan respecto da interpretación, modificación, resolución e efectos do presente convenio serán resoltas, en primeira instancia pola Comisión de Seguimento prevista na cláusula quinta deste convenio. Os conflitos que poidan xurdir entre as partes, e que non poidan resolverse no seo da devandita Comisión de Seguimento, someteranse á resolución da xurisdición contencioso-administrativa, dado o carácter administrativo do convenio.

E en proba de conformidade cos termos do convenio, as partes comparecentes asínano e rubricano por triplicado exemplar no lugar e data expresados.

En Santiago de Compostela a ___ de _____ de 2016

O PRESIDENTE DO CONSORCIO GALEGO DE
SERVIZOS DE IGUALDADE E BENESTAR

O ALCALDE DO CONCELLO DE FENE

Asdo. José Manuel Rey Varela

Asdo. Juventino Trigo Rei

ANEXO I

A escola infantil para cuxa xestión e financiamento se subscribe o presente convenio de colaboración entre o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar e o Concello de Fene, está enclavada na parcela de titularidade municipal situada no Camiño de Carril, núm. 18, Barallobre, con referencia catastral 5526509NJ6152N0001BG, cunha superficie de 927 m², inscrita no Rexistro da Propiedade de Pontedeume, co núm. 5484, tomo 362, libro 58, folio 237, que foi posta a disposición do Consorcio para acometer a construción da devandita escola infantil ao abeiro do acordo adoptado polo Pleno da corporación municipal na sesión celebrada o 7/11/2013.

A estes efectos, con data do 27/12/2013 o Concello de Fene e o Consorcio asinaron un convenio de colaboración para a construción da escola infantil na antedita parcela, no que ambas as partes manifestaron a súa vontade de subscribir posteriormente un convenio de colaboración co obxecto de regular a xestión do dito centro.

ANEXO II

De conformidade co establecido no Acordo marco FEGAMP – Consellería de Política Social en relación ao Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar do 11/05/2016, o Concello transferirá anualmente ao Consorcio, co fin de contribuír ao financiamento dos gastos de funcionamento do centro, durante todo o período de vixencia do convenio, un importe de 1500 euros/ano por cada unha das prazas ocupadas por persoas usuarias da escola infantil.

O número máximo de prazas para a escola infantil é de 41 prazas de conformidade coa autorización do inicio de actividade-PIA a expedir polo órgano con atribucións en materia de autorización e inspección da consellería da Xunta de Galicia con competencia en materia de servizos sociais.

A liquidación das achegas económicas do Concello realizarase semestralmente, unha vez coñecido o nivel de ocupación e persoas usuarias de cada semestre, remitíndose dúas liquidacións, unha nos meses de maio-xuño, correspondente á matrícula da primeira metade do curso escolar iniciado no mes de setembro inmediatamente anterior, e outra nos meses de novembro-décembro, correspondente á segunda metade restante do curso escolar, incluíndose nesta as modificacións de matrícula que no seu caso se puideran producir no período extraordinario de matrícula. Sen prexuízo de poderen ser remitidas cunha periodicidade distinta, sempre que así se acorde por ambas partes. Para o cálculo da achega terase en conta a matrícula real de cada curso escolar, sen distinción do horario que teña cada neno/a usuario/a, e sempre co límite do número máximo de prazas establecido no parágrafo anterior.

Para os efectos previstos no parágrafo anterior, cando se inicie cada curso escolar no mes de setembro, e nos períodos extraordinarios de matrícula, o Consorcio remitirá ao Concello os datos correspondentes ao número de crianzas matriculadas, co fin de que o Concello poida coñecer coa suficiente antelación a contía da achega municipal que debe incluír nos seus orzamentos”.

Fene, 29 de agosto de 2016.
O alcalde
Juventino Trigo Rey”

Sometido o asunto a votación foi aprobado pola unanimidade dos concelleiros presentes.

Á vista do resultado da votación, o Pleno acorda:

PRIMEIRO.- O compromiso de incluír nos orzamentos dos exercicios aos que afecta o convenio do importe correspondente á achega municipal que deba satisfacerse en función do número de usuarios da escola que comunique o Consorcio por un importe de 1.500 euros praza/ano.

SEGUNDO.- Aprobar o convenio de colaboración entre o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar e o Concello para a xestión e o financiamento da escola infantil do Concello de Fene (Barallobre) que se transcribe de seguido:

“CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONSORCIO GALEGO DE SERVIZOS DE IGUALDADE E BENESTAR E O CONCELLO DE FENE PARA A XESTIÓN E FINANCIAMENTO DA ESCOLA INFANTIL DO CONCELLO DE FENE (BARALLOBRE)

REUNIDOS

Dunha parte, Don José Manuel Rey Varela, Conselleiro de Política Social, en virtude da súa condición de Presidente do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, segundo o previsto no artigo 13 dos estatutos que o regulan (DOG núm. 131, do 7 de xullo de 2006), e de conformidade coas atribucións que lle encomendan os artigos 18 e demais concordantes dos referidos estatutos.

Doutra parte, Don Juventino Trigo Rei actuando en representación do Concello de Fene en virtude da súa condición de Alcalde Presidente da citada Corporación, segundo o disposto no artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e no artigo 61 da Lei 5/1997 do 22 de xullo, de administración local de Galicia.

As partes, no nome e representación que ostentan e coa capacidade legal para este acto,

EXPOÑEN

PRIMEIRO.- Que o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar (en diante o Consorcio), creado en virtude do convenio de colaboración subscrito o día 3 de xullo de 2006, de acordo co artigo 6 dos seus estatutos, publicados no DOG do 7 de xullo de 2006, ten como misión primordial a participación na dirección, avaliación e control da xestión dos servizos sociais de ámbito local, (centros de prestación de servizos sociais de atención especializada e tamén centros de prestación de servizos sociais de atención primaria “cando así o solicite o concello interesado”).

Que o Consorcio naceu así, de acordo ás súas finalidades e competencias, co obxecto de implantar un modelo homoxéneo de prestación de servizos sociais e desta maneira: garantir o acceso de todos os galegos e galegas a uns servizos sociais públicos de calidade, a través dunha oferta de recursos suficiente e equilibrada territorialmente; incrementar os niveis de cobertura, intensidade e calidade de atención dos distintos servizos e prestacións; Realizar unha distribución efectiva dos servizos e prestacións a fin de dar resposta ás necesidades reais da poboación, asignando equitativamente o uso e acceso aos recursos sociais dispoñibles, a través de procesos de planificación previa, e tendo como principio de actuación o mantemento das persoas no seu contorno propio.

SEGUNDO.- A Lei 13/2008, do 3 de decembro, de Servizos Sociais de Galicia, establece no seu artigo 64 que a Xunta de Galicia promoverá unha efectiva coordinación e cooperación cos concellos co fin de asegurar a calidade e cunha cobertura equilibrada dos servizos sociais en todo o territorio, especialmente no que atinxe á creación e ao mantemento de servizos sociais comunitarios específicos. Esta coordinación poderá levarse a cabo a través de fórmulas xurídicas adecuadas para tal fin, como as fórmulas de cooperación interadministrativa de natureza consorcial. Para estes efectos, a disposición adicional

segunda da devandita lei fai referencia expresa ao Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar para o cumprimento deses obxectivos, ao estipular que o Consorcio promoverá a coordinación e cooperación efectiva cos concellos galegos co fin de asegurar unha cobertura equilibrada dos servizos sociais en todo o territorio de Galicia.

Asemade, a Lei 13/2008 prevé no seu artigo 29.1 que os servizos sociais prestaranos as administracións públicas directamente ou, de maneira indirecta, a través das diversas modalidades de contratación da xestión de servizos públicos establecidos na normativa reguladora dos contratos do sector público.

TERCEIRO.- Que con data de 11 de maio de 2016 a Consellería de Política Social e a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) asinaron un acordo marco en relación co Consorcio no que se considera que a fórmula consorcial é un modelo idóneo para seguir prestando e cofinanciando servizos sociais de maneira conxunta e coordinada entre a Administración Autonómica e a Administración Local. Neste acordo marco enténdese prioritario para manter esa fórmula consorcial de colaboración, o establecemento dun modelo de cofinanciamento claro que garanta a viabilidade económica presente e futura dos servizos que se prestan no ámbito local polo Consorcio, quedando estipuladas as condicións deste cofinanciamento para os convenios que poidan asinarse cos concellos para a xestión destes servizos, nomeadamente, escolas infantís e centros de día.

CUARTO.- Que o Concello de Fene adheriuse ao Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar por medio de Convenio asinado con data de 24 de xullo de 2006.

QUINTO.- Que con data de 27 de decembro de 2013 o Consorcio e o Concello de Fene asinaron un convenio para a construción dunha escola infantil, no que se manifestou a vontade das partes de que a xestión do centro fora realizada a través dun convenio asinado co Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar.

SEXTO.- Que en virtude de todo o exposto, o Consorcio e o Concello de Fene coinciden na conveniencia de establecer o marco de colaboración para a xestión e financiamento do servizo de escola infantil, garantindo así a prestación deste servizo no Concello.

C.I.F.: P-1503600-G

Que de conformidade con todo o exposto, as partes, en virtude da representación coa que interveñen, acordan a subscripción do presente convenio coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto

O obxecto do presente convenio é establecer o marco de colaboración para asumir a xestión e financiamento do servizo de escola infantil do Concello de Fene detallado no anexo I do presente Convenio, co fin de garantir a prestación deste servizo no Concello

SEGUNDA.- Xestión da escola infantil

O Consorcio ou, de ser o caso, o ente que asuma as súas competencias, asumirá a dirección, avaliación e xestión do dito centro de acordo cos Estatutos que o regulan, a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, o Decreto 254/2011, de 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e inspección dos servizos sociais de Galicia, o Decreto 329/2005, de 28 de xullo, polo que se regulan os centros de menores e os centros de atención á infancia e demais normativa de aplicación.

TERCEIRA.- Obrigas das partes

a) Ao Consorcio correspóndelle a xestión da escola infantil, de calquera das formas previstas na lexislación vixente, segundo o previsto na cláusula segunda do presente convenio.

b) O Concello asume, en virtude do presente convenio, a obriga de contribuír ao financiamento dos gastos de funcionamento do centro (gasto corrente – capítulos I a IV –) para o cal transferirá anualmente ao Consorcio, durante todo o período de vixencia do convenio, un importe de 1500 euros/ano por cada unha das prazas ocupadas por persoas usuarias da escola infantil, segundo se establece no anexo II do presente convenio.

c) As achegas comprometidas polo Concello en virtude do presente convenio terán a consideración de débedas firmes, líquidas e esixibles e poderán ser obxecto de compensación coa participación destes no Fondo de Cooperación Local, de acordo co disposto na súa regulación.

CUARTA.- Protección de datos de carácter persoal

As partes comprométense a tratar os datos de carácter persoal coa finalidade exclusiva da prestación do servizo e ao cumprimento das obrigas establecidas en relación co seu tratamento, de conformidade co previsto na Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, e o disposto no Real Decreto 1720/2007, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da referida lei orgánica e, en todo momento, as disposicións vixentes na materia.

QUINTA.- Comisión de seguimento

Créase unha comisión mixta para a vixilancia e seguimento do convenio que estará integrada polo Alcalde do Concello e a persoa titular da xerencia do Consorcio ou persoas en quen deleguen.

As funcións desta comisión serán as seguintes:

Avaliación dos resultados da execución do convenio

Resolución das dúbidas e discrepancias que poidan xurdir na interpretación e aplicación do convenio

Resolución dos problemas que se presenten na execución do convenio, garantindo o desenvolvemento normal dos compromisos adquiridos

Adopción de acordos relativos ao cofinanciamento de gastos de investimento no centro, de ser o caso, que serían sempre deducidos da achega que lle corresponda ao Concello

SEXTA.- Duración e entrada en vigor

O presente convenio entrará en vigor o día da súa sinatura e terá unha duración de dez anos desde a devandita data, entendéndose prorrogado tacitamente por períodos anuais se non hai denuncia expresa das partes, comunicada cunha antelación de dous meses.

SÉTIMA.- Causas de resolución

Serán causas de resolución do presente convenio:

a) O acordo das partes asinantes.

b) O incumprimento total ou parcial de calquera das cláusulas establecidas no mesmo.

c) A concorrencia de circunstancias que determinen a imposibilidade de realizar as actuacións previstas no convenio.

OITAVA.- Publicidade

O convenio será obxecto de publicación de conformidade co artigo 11. 1 da Lei 4/2006, de 30 de xuño de transparencia e boas prácticas Administración pública galega e, consonte o previsto no Decreto 126/2006 polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, o Consorcio remitirá ao órgano correspondente, orixinal e copia compulsada deste convenio, unha vez asinado, para os efectos de inscrición no devandito rexistro.

NOVENA.- Natureza e réxime xurídico aplicable

O presente convenio terá carácter administrativo. Os seus efectos rexeranse polo establecido nas cláusulas do mesmo e no, non previsto, aplicaráselle os principios do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público para resolver as lagoas e dúbidas que puideran presentarse.

As cuestións litixiosas que xurdan respecto da interpretación, modificación, resolución e efectos do presente convenio serán resoltas, en primeira instancia pola Comisión de Seguimento prevista na cláusula quinta deste convenio. Os conflitos que poidan xurdir entre as partes, e que non poidan resolverse no seo da devandita Comisión de Seguimento, someteranse á resolución da xurisdición contencioso-administrativa, dado o carácter administrativo do convenio.

E en proba de conformidade cos termos do convenio, as partes comparecentes asínano e rubricano por triplicado exemplar no lugar e data expresados.

En Santiago de Compostela a ___ de _____ de 2016

**O PRESIDENTE DO CONSORCIO GALEGO DE
DE FENE
SERVIZOS DE IGUALDADE E BENESTAR**

O ALCALDE DO CONCELLO

Asdo. José Manuel Rey Varela

Asdo. Juventino Trigo Rei

ANEXO I

A escola infantil para cuxa xestión e financiamento se subscribe o presente convenio de colaboración entre o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar e o Concello de Fene, está enclavada na parcela de titularidade municipal situada no Camiño de Carril, núm. 18, Barallobre, con referencia catastral 5526509NJ6152N0001BG, cunha superficie de 927 m², inscrita no Rexistro da Propiedade de Pontedeume, co núm. 5484, tomo 362, libro 58, folio 237, que foi posta a disposición do Consorcio para acometer a construción da devandita escola infantil ao abeiro do acordo adoptado polo Pleno da corporación municipal na sesión celebrada o 7/11/2013.

A estes efectos, con data do 27/12/2013 o Concello de Fene e o Consorcio asinaron un convenio de colaboración para a construción da escola infantil na antedita parcela, no que ambas as partes manifestaron a súa vontade de subscribir posteriormente un convenio de colaboración co obxecto de regular a xestión do dito centro.

ANEXO II

De conformidade co establecido no Acordo marco FEGAMP – Consellería de Política Social en relación ao Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar do 11/05/2016, o Concello transferirá anualmente ao Consorcio, co fin de contribuír ao financiamento dos gastos de funcionamento do centro, durante todo o período de vixencia do convenio, un importe de 1500 euros/ano por cada unha das prazas ocupadas por persoas usuarias da escola infantil.

O número máximo de prazas para a escola infantil é de 41 prazas de conformidade coa autorización do inicio de actividade-PIA a expedir polo órgano con atribucións en materia de autorización e inspección da consellería da Xunta de Galicia con competencia en materia de servizos sociais.

A liquidación das achegas económicas do Concello realizarase semestralmente, unha vez coñecido o nivel de ocupación e persoas usuarias de cada semestre, remitíndose dúas liquidacións, unha nos meses de maio-xuño, correspondente á matrícula da primeira metade do curso escolar iniciado no mes de setembro inmediatamente anterior, e outra nos meses de novembro-décembro, correspondente á segunda metade restante do curso escolar, incluíndose nesta as modificacións de matrícula que no seu caso se puideran producir no período extraordinario de matrícula. Sen prexuízo de poderen ser remitidas cunha periodicidade distinta, sempre que así se acorde por ambas partes. Para o cálculo da achega terase en conta a matrícula real de cada curso escolar, sen distinción do horario que teña cada neno/a usuario/a, e sempre co límite do número máximo de prazas establecido no parágrafo anterior.

Para os efectos previstos no parágrafo anterior, cando se inicie cada curso escolar no mes de setembro, e nos períodos extraordinarios de matrícula, o Consorcio remitirá ao Concello os datos correspondentes ao número de crianzas matriculadas, co fin de que o Concello poida coñecer coa suficiente antelación a contía da achega municipal que debe incluír nos seus orzamentos”.

7. Mocións urxentes

7.1 Moción do grupo municipal do PSOE de reprobación ao alcalde de Fene como único responsable da crise institucional do Concello de Fene, así como pola ausencia de lexitimidade democrática para representar aos veciños e veciñas de Fene

A continuación fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal Socialista, Antón Lois Noceda Carballo, que di que xustifica a urxencia nas propias palabras do alcalde cando hai case que tres semanas dixo que ía dar un prazo para recompoñer o goberno ata final do mes. Onte o partido Socialista constatou que non houbo tal recomposición de goberno nin constancia do alcalde para dotar de lexitimidade democrática e dunha maioría estable ao goberno de Fene polo que entende que é urxente que se restituía a lexitimidade democrática e de aí a pertinencia de tratar hoxe a moción.

Logo de ratificar a súa inclusión na orde do día coa unanimidade dos concelleiros presentes, o voceiro do grupo municipal Socialista dá lectura á seguinte moción:

“MOCIÓN URXENTE DE REPROBACIÓN AO ALCALDE DE FENE COMO ÚNICO RESPONSABLE DA CRISE INSTITUCIONAL DO CONCELLO DE FENE, ASÍ COMO, POLA AUSENCIA DE LEXITIMIDADE DEMOCRÁTICA PARA REPRESENTAR AOS VECIÑOS E VECIÑAS DE FENE.

D. Joaquín Ayala Garrido, viceportavoz do Grupo Municipal Socialista, de conformidade co establecido na lexislación vixente presenta esta Moción para o seu debate e aprobación polo Pleno do Concello de Fene en base ao seguinte:

ANTECEDENTES:

O pasado martes día 9 de agosto, o Sr. Juventino Trigo Rey, comunicou aos portavoces do PSdeG-PSOE de Fene e Somos Fene a súa decisión de cesar do goberno a todos os concelleiros de ámbolos dous grupo políticos. Informándolles de que o cese faríase efectivo entre esta mesma mañá, se daba tempo a preparar a documentación, ou senón na mañá do día seguinte, mércores día 10. Así mesmo, informáballes da súa decisión de seguir gobernando só cos 4 Concelleiros do BNG pero que, no obstante, seguía aberto a que volvesen a entrar no goberno.

O mércores día 10 de agosto de 2016 o Sr. Juventino Trigo Rey fai efectivo o cese dos tres concelleiros do PSdeG-PSOE e os 2 de Somos Fene e deu unha roda de prensa para facelo público.

Nos días seguintes ao cese dos representantes das dúas formacións políticas que eran socias no goberno, e ante a ruptura unilateral e inxustificada do acordo tripartito de goberno, o PSdeG-PSOE de Fene acorda retirar o apoio ao Sr. Juventino Trigo Rey para gobernar os veciños e veciñas de Fene, decisión que facía pública o venres días 12 de agosto de 2016, e decisión que se ratificaba en Asemblea Xeral do PSdeG-PSOE de Fene o domingo 14 de agosto de 2016. Nesa Asemblea Xeral do PSdeG-PSOE de Fene amosaba a súa vontade para poñer o máximo esforzo en intentar reconstruír un acordo entre as forzas políticas de esquerdas que en ningún caso podería xa encabezar a persoa responsable da crise institucional na que está sumido o Concello de Fene.

Así pois o alcalde, Juventino Trigo Rey, actualmente non ten ningunha lexitimidade democrática tras decretar o cese dos cinco concelleiros que lle deron a alcaldía por maioría absoluta do pleno o pasado 13 de xuño de 2015. O cese dos cinco concelleiros rompeu o acordo de goberno que o sostíña como alcalde con lexitimidade democrática.

A día de hoxe, cando vai para un mes do ceso dos concelleiros do PSdeG-PSOE e Somos Fene, e a pesar das declaracións públicas do Sr. Juventino Trigo Rey, cando a roda de prensa para anunciar o ceso dos seus socios de goberno, nas que dicía que se mantiñan as portas abertas aos grupos asinantes dos acordos e seguiría traballando coa vontade de restablecer as pontes e a confianza mutua. E incluso abundaba nas súas declaracións quen que “nos atopamos con que o Sr. Juventino Trigo Rey non ten realizado nin unha soa xestión para intentar dotar de estabilidade o goberno do Concello de Fene, tendo sumido o Concello na inacción política e de xestión dende a que é imposible dar solución axeitadas aos problemas dos veciños e veciñas de Fene.

Por coherencia cando un cargo político perde a lexitimidade democrática por unha decisión propia e unilateral debe asumir a súa responsabilidade política e renunciar ao cargo, neste caso dimitir, e deixar que outros intenten recompoñer o que a súa decisión desfixo.

Querer aferrarse á alcaldía sen ter algunha das dúas opción legais que dan o cargo de alcalde, e dicir, sen sumar os nove concelleiros que dan a maioría absoluta no pleno e sen ser a lista máis votada, so pode obedecer a un modelo político antidemocrático. O Sr. Juventino Trigo si se houberse presentado á investidura para alcalde o 13 de xuño de 2015 só cos votos dos 4 concelleiros que conforman o seu grupo político de ningunha forma tería conseguido ser o alcalde de Fene.

A lexislación en vigor define con claridade os dous únicos mecanismos para acceder á Alcaldía, ou ben se dispón do apoio maioritario do pleno, ou en caso contrario queda investido o candidato da forza política máis votada nas eleccións municipais.

A "Ley orgánica 5/1985, de 19 de junio, del Régimen Electoral General" establece no Capítulo IX, no seu artigo 196 "Elección de alcalde. En la misma sesión de constitución de la Corproación se procede a la elección de Alcalde, de acuerdo con el siguiente procedimiento: a) Pueden ser candidatos todos los Concejales que encabezen sus correspondientes listas. b) Si alguno de ellos obtiene la mayoría absoluta de los votos de los Concejales es proclamado electo. c) Si ninguno de ellos obtiene dicha mayoría es proclamado Alcalde el Concejale que encabece la lista que haya obtenido mayor número de votos populares en el correspondiente Municipio. En caso de empate se resolverá por sorteo".

O Sr. Juventino Trigo coa súa decisión de cesar aos concelleiros que o investiron alcalde amosou a todo o mundo que non é capaz de establecer as canles de comunicación precisas entre as distintas formacións políticas que conformaban o goberno de Fene, nin tivo a competencia necesaria para levar adiante un goberno conformado por outros partidos políticos que non foran o seu propio, é dicir o BNG.

Por todo elo solicitamos do Pleno que se tome o seguinte acordo:

1.- Reprobar a actitude antidemocrática do Sr. Juventino Trigo Rey pretendendo aferrarse á alcaldía, cando non dispón da confianza do Pleno do Concello de Fene e por tanto tampouco dos veciños e veciñas do Concello.

2.- Solicitar a dimisión inmediata do Sr. Juventino Trigo Rey como Alcalde, e que se poñan en marcha os mecanismos legais para que o pleno do Concello de Fene poda restituír a lexitimidade democrática elixindo un alcalde que poida acadar a confianza do pleno a través dos mecanismos que establece a lexislación vixente.

Fene a 31 de agosto de 2016.

Joaquín ayala Garrido

Viceportavoz do Grupo Municipal Socialista"

A continuación fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal Socialista, Antón Lois Noceda Carballo, que di que como motivos desta moción os socialistas entenden que a primeira obriga de calquera demócrata é tratar de manter as institucións e un goberno leal e coherente cos veciños que sexa capaz de mellorar os seus recursos e a súa calidade de vida, ademais este goberno debe ser en sintonía coa maioría social que as veciñas e veciños expresan nas eleccións municipais. O pasado dez de agosto o alcalde tomou unha decisión unilateral dentro do goberno de Fene que sitúa o seu goberno, en primeiro lugar, sen unha maioría estable para poder gobernar o Concello de Fene, nunha situación de precariedade absoluta en canto ao número de membros que compoñen o goberno e, para o seu partido, o máis importante é que non conta con ningún dos dous aspectos cos que a lexislación vixente lexitima un goberno municipal. Así a lexislación establece que será investido alcalde aquela persoa que teña a maioría absoluta do Pleno e se ningún candidato a obtén, será investido alcalde, automaticamente, a persoa da forza máis votada. O señor Juventino José Trigo Rey accedeu á alcaldía segundo un acordo de tres forzas políticas, que no seu conxunto suman a maioría absoluta do Pleno, que a día de hoxe, logo da súa actuación irresponsable para as veciñas e veciños de Fene non concorren, pois hoxe hai unha maioría do resto das formas políticas que suman doce concelleiros pedindo a dimisión do alcalde, tanto publicamente como nalgún caso, na corporación. Parécelle sorprendente que quen toma unha decisión desa transcendencia, que quen coloca a esta institución nunha situación tan extremadamente delicada non teña feito absolutamente nada durante

máis de tres semanas para tratar de solventar a situación e darlle estabilidade á institución municipal. Pouco se pode querer á veciñanza de Fene cando se pretenden que unhas decisións minoritarias e unilaterais sexan a premisa para un bo goberno dos veciños. Entende que a responsabilidade democrática xa debiera ter levado ao alcalde a tomar decisións que puideran levar a desbloquear esta situación e constata que a día de hoxe esa responsabilidade vese por poucos sitios. Tratar de xustificar a súa permanencia no cargo en tratar de manter un programa que se pactou entre diferentes forzas políticas, un acordo programático e a construción dos esforzos de cada unha das forzas no goberno de Fene parécelle un tanto infantil. En todo caso, o alcalde, está lexitimado para tomar esa decisión e buscar novos apoios no Pleno que lle puideran dar lexitimidade para seguir gobernando, pero volve constatar que nin unha cousa nin a outra, é máis, constatou que nin sequera o intentou, o cal pensa que é unha falla de respecto á cidadanía de Fene, que votou aos seus representantes neste Pleno.

A continuación fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal do PP, Gumersindo Pedro Galego Feal, que di que non vai entrar nos antecedentes da moción porque evidentemente límitase a facer o relato dos feitos que levaron á crise institucional neste Concello e tampouco vai repetir os argumentos da moción anterior que dá por reiterados. Di que, sobre todo agora, débíalle ler ao alcalde o artigo 196 da Lei orgánica do réxime electoral, como lle fixo a el. Está claro que a vontade dos grupos políticos que apoiaban ao seu goberno non están apoiando agora as súas decisións e non é lexítimo que diga que vai seguir gobernando mentres cumpra cos pactos de goberno que tiñan as tres formacións, o que non ten lexitimidade, pois vai carecer dos votos necesarios para seguir adiante. No fondo é algo semellante ao falado antes na outra moción, fallaron as formas, e unha cousa é que fallen as formas coa oposición e outra é que fallen cos socios de goberno, por iso intúe que os desencontros tiveron que ser bastante importantes para que o alcalde os cesase. Lémbrralle ao alcalde que, antes de facer o cese, chamouno e díxolle ao alcalde no despacho da alcaldía se non sería mellor que antes de tomar esa decisión tratase de recompoñer o goberno en vez facelo despois, pois non ten lóxica ningunha votar ás persoas que están formando parte do goberno para logo tratar de recompoñelo. Se de verdade pensa en recompoñelo o tería que facer antes de votalos, o cal é de "abc". Se vostede tomou esa decisión supón que sería polos motivos que tivera daquela, que non os coñece nin vai entrar agora nun relato de feitos. Di que o seu partido vai apoiar a moción no acordo en si, o que é o relato dos antecedentes é unha cousa que se quedará no ámbito interno dos tres grupos que formaban o goberno e respecto do punto primeiro e segundo van votar a favor.

C.I.F.: P-1503600-G

Seguidamente fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal Somos Fene, Xoán Manuel Rodríguez Bastida, que di que espera no debate desta moción non pase como na anterior que se centrou nunha serie de cuestións de lexislaturas anteriores, nas que a súa formación non estaba. No que atinxe á moción débese lembrar os motivos da crise que motivaron que o alcalde rompese o pacto que foron que non se admitira que os orzamentos se debatesen nunha moción de urxencia nun Pleno ordinario. Somos Fene dixo que ese non era o método recollido no pacto de goberno tripartito, pois os orzamentos deben ser participativos, polo tanto o borrador dos orzamentos tiña que ser distribuído nas asociacións de veciños e demais organizacións do tecido social do Concello, así como estar a disposición pública durante un tempo para que a veciñanza puidera facer alegacións e achegas. A día de hoxe, un mes despois de que sucedese isto, o borrador dos orzamentos segue sen ser participado. No momento do cese o alcalde díxolles aos concelleiros destituídos que pensaba gobernar en base aos acordos asinados, acordos que o propio alcalde non respectou dende o seu punto de vista, e que había posibilidades de retomar o pacto, o cal dixo publicamente. Ata o de agora todo segue igual que ao principio. Somos Fene nunca pediu a reprobación nin a dimisión do alcalde, a súa posición non variou dende un principio e esperaban a presentación, tal e como dixeron no seu momento, dunha cuestión de confianza ligada aos pactos de goberno que dixo o alcalde que estaba a respectar e que serían a guía do seu goberno, pero tal circunstancia non se produzo. Hoxe mesmo a situación cambiou, pois hai dous grupos que piden a reprobación e a dimisión do alcalde e este aínda non se someteu a súa petición dunha cuestión de confianza. Somos Fene, durante este tempo, non entrou en componendas partidarias de ningún tipo, estiveron á espera da actitude do alcalde, e moito menos na participación dunha moción de censura. Dito isto, a súa posición hoxe é clara, apoian a moción presentada polo PSOE para pedir a reprobación e dimisión do alcalde.

De seguido fai uso da palabra a voceira do grupo Mixto municipal, María Carmen Rodríguez Martínez, que di que chámalle a atención que o motivo, case que único, para esgrimir a urxencia sexa que o BNG quedou de falar co PSOE antes de acabar o mes e hoxe é o día un. Pregúntalle ao voceiro do grupo municipal Socialista, Antón Lois Noceda Carballo, se hai data de caducidade para isto ou é tan urxente?, pois ben se podía ter falado o luns ou o martes. A moción di que houbo unha ruptura

unilateral e inxustificada e a este respecto di que ela lle deu a confianza ao alcalde para a investidura e non votou todo a favor, pero entende que se o alcalde decide cesar dunha vez a cinco concelleiros, sen entrar nin saír niso pois non ten coñecemento do que aconteceu, pero algunha razón de peso terá que haber, ademais dos orzamentos. Di que se a mentira tivese patas o señor Rodríguez estaría moito máis lonxe, fóra de España ou do planeta, porque todas as cousas que contou aquí non se sosteñen, non teñen nin pe nin cabeza. Di que non se poden facer moito caso das cousas que se escoitan polos "pasillos", pero de cen que se poden escoitar algunha, ao mellor, é certa, por iso pensa que lle era moito mellor estar caladiño. Falouse sobre a declaración do alcalde de deixar a porta aberta para negociar co partido socialista e a moción tamén fai referencia a que na súa asemblea do xoves se estivo de acordo, pero poñendo como condición que hai que cambiar ao alcalde. Neste sentido di que non sabe cales serían os motivos para este cambio, porque válelles calquera do BNG menos o alcalde. Di que isto o entende como un acto de vinganza: "ti me quitaches o bocadillo e agora queres que xogue contigo, pero xa non podes ser o xefe da chulipandi" o cal parécelle de patio do colexio. Logo falouse da perda da confianza e ela entende que a perda da confianza non foi dos concelleiros do PSOE nin de Somos Fene cara ao alcalde, porque senón teríanse ido e presentado a súa dimisión, así a perda de confianza foi ao revés, por iso o alcalde, ao deixar de confiar, neles cesounos. Por todo isto insiste en que, ata o de agora, non ten ningún motivo para perder a confianza no alcalde e chámalle poderosamente a atención que a moción do partido Popular e do PSOE son moi semellantes e ademais se empeñan en pedir o apoio do resto das forzas políticas. Como dixo antes, se o alcalde é malo coa súa formación deben amañarse entre eles pero non metan aos demais grupos políticos neste fregado, porque non son nin arte nin parte. Di que ten unha dúbida que lle gustaría que reflexase a moción, pois se algunha das dúbidas que lle xurdiron estivesen aclaradas, ao mellor o sentido do seu voto podería ser outro, así a moción fala de deixar que outros intenten recompoñer o goberno, por iso gustaríalle saber a que se refire o partido Socialista?, quen son, a xuízo do partido Socialista esas persoas que realmente están lexitimadas ou capacitadas para recompoñer o goberno de Fene?. Tamén se falou de querer aferrarse á alcaldía e, neste sentido, cando falaron da moción en EU fixéronse unha pregunta, tería presentado esta moción o PSOE se non se presentase primeiro a moción do partido Popular?, porque apoiar directamente dende un partido de esquerdas unha moción dun partido de dereitas non é de moito sentido común, ademais pensa que o PSOE arrisca demasiado cando dalgún xeito na moción fai fincapé no cese de Somos Fene e non sabe se os concelleiros de Somos Fene non se poden defender por si mesmos, pero lémbbralles que o seu grupo pediu hai un ano a dimisión deses dous concelleiros, non repetirá agora os motivos, pero a día de hoxe aqueles motivos eran como un xogo de nenos ao que se demostrou con estes dous concelleiros ata o de agora e pensa que seguramente o alcalde arrepentiuse, naquel momento de non os cesar cando o pediu. Volvendo á moción di que os puntos de petición de acordos é case idéntica que a moción do PP e gustaríalle que o partido socialista lle aclare a quen se refire cando di: elixindo un alcalde que poida acadar a confianza do Pleno, quere saber, quen sería ese alcalde a xuízo do partido Socialista?. A este respecto o menos que pode pensar é que o alcalde que propón o partido Socialista non será o voceiro do partido Popular, porque iso xa sería de traca, quere pensar que tampouco será ningún concelleiro de Somos Fene, pese a toda a ilusión que ao señor Rodríguez lle tiña por ser alcalde de Fene, por iso só lle queda pensar que se refire ao seu propio grupo, pero a ela gustaríalle que en vez de vir aquí deste xeito encuberto o dixeran directamente na moción, pero non o di. Parécelle moi triste, aínda que o pode entender no caso do PP porque é un partido de dereitas, que Fene teña un goberno de esquerdas e que se poña tanto empeño por partidos de esquerdas para tratar de tumbar ese goberno de esquerdas, só polo feito de que estes cinco concelleiros xa non forman parte del e é triste en que non puxeran o mesmo empeño hai cinco anos para tumbar o goberno do PP, pois se tivesen posto ese empeño o PP non tería gobernado nunca en Fene pero contra o seu goberno nunca se presentou ningunha moción nin de reprobación, nin de dimisión, nin de censura, nin de nada, e pode que houbese moitos máis motivos que a historia esta dos orzamentos. Remata dándolle un consello ao resto da oposición pedíndolles que teñan paciencia e, sobre todo, teñan dignidade, que deixen de actuar como voitres e deixen actuar ao BNG, aínda que poida caer mañá, pero ao mellor sorpréndelles a todos e o fai ben. Pídelles que lle dean unha marxe de confianza pois hai vinte días que cesaron a cinco concelleiros e xa están todos esperando a ver cal é o primeiro fallo, por iso pídelles unha marxe de confianza e se resulta que non traballan ou non responden as expectativas entón si, presenten a moción que teñan que presentar, pero sexan valentes e non veñan con estas mocions de perogrullo, busquen socios onde os teñan que buscar e presenten unha moción de censura e cando iso ocorra non falen con EU pois EU posicionarase. Lémbralle aos concelleiros do partido Popular que pasaron un ano dicindo que estaban aterrando no goberno, que lles deixasen traballar para logo falar, por iso di que non utilicen nin a EU nin aos seus votantes para o que están tratando de facer, que non é outra cousa que usar a palabra que usaron hai un ano para describirla a ela. Isto é unha pataleta como a que teñen os nenos

C.I.F.: P-1503600-G

á hora do recreo no patio e EU non está para participar en pataletas, que ao final o único que esconden son egos persoais. Por todo isto vai votar en contra da moción.

A continuación fai uso da palabra a voceira do grupo municipal do BNG, Alejandra Permuy Meizoso, que di que o que hoxe queda claro é que hai moitas similitudes entre uns e outros e non sabe como non chegan a acordos noutros estamentos pois son quen de defender unha urxencia por motivos persoais pero non son quen de defender e votar unha urxencia para a inclusión dos orzamentos nun Pleno, uns orzamentos que son para os veciños e veciñas de Fene e non para o BNG. Repítese para dicir que non hai un número para facer un traballo, hai un traballo para facer e igual catro traballan moito mellor e máis que nove. Por todo isto o BNG vai votar en contra desta moción e reitera o apoio, cada vez máis se cabe, a este o seu alcalde.

De seguido intervén o alcalde que lle lembra ao partido Socialista a modo anecdótico e vendo os antecedentes que se din na moción, que cando o pasado martes 09.08.2016, lle comunicou aos concelleiros do PSdeG-PSOE e Somos Fene, que por certo poderían defenderse solos, a súa decisión de cesar do goberno a todos os concelleiros dille que tamén cesou ás concelleiras, e na moción so se fai referencia ós concelleiros. Nos antecedentes da moción está moi ben que non informen dos motivos, é dicir, pártese do día 10 en adiante pero non se informa en ningún momento nos antecedentes do porque do cese, cando todos os cesados teñen constancia de cales foron os motivos. Di que non lle gustou nada chegar a este extremo e pídelles que pensen que oito días antes acababan de desautorizarlle absolutamente por algo que terán que explicar no seu momento, xa que non ten nin pes nin cabeza, por iso logo de que o desautorizaron tamén teñen que ser maiores para saber cales podían ser as consecuencias, máximo cando está acordado un orzamento, un calendario e todo absolutamente e, vinte catro horas antes, descolgáronse con outras peticións que non estaban faladas e que non estaban no foro axeitado para as falar. Di que non vai seguir insistindo neste tema porque se vostedes, que presentan a moción non o queren ou non teñen interese en explicar os motivos por algo será. Di que tamén saben os responsables do partido Socialista de Fene que incluso antes do cese pasáronse horas de conversas e dille ao voceiro do grupo municipal Socialista, Antón Lois Noceda Carballo, que el non é o secretario xeral do partido. Ninguén dos concelleiros cesados o soubo pola prensa, previamente notificóuselles a todos o día anterior, incluso unha hora ou hora e media despois se lles notificou tamén aos concelleiros da oposición, para que ninguén se tivera que enterar pola prensa e di que del non sae ningunha nova sen que previamente se fale cos implicados. Aquí falouse que semella que os gobernos en minoría non teñen lexitimidade, semella que en Fene non e noutros sitios si, pero iso será algo que terá que aclarar o partido Socialista. Coincide ca coa voceira do grupo Mixto municipal, cando fixo referencia a esa presa por volver negociar logo de pasar dozanove días logo do cese, cando normalmente, non só na política senón en todos os ámbitos da vida, logo de terminar as discusións ao mellor o que hai é que tomar un tempo de relax para volver a tomar determinados asuntos e non ten que ser hoxe cesar e mañá volver, de feito, hai que aclarar moitos temas previamente e a intención do BNG é negociar, de feito estase comezando algúns contactos con algún grupo, pero estas cousas fálanse pouco a pouco. Así con EU, aínda que sexan contactos informais, semella que non se lembran da documentación que mostra e que asinaron todos, incluída EU, que contiña o programa de goberno para esta lexislatura, o programa de actuación do goberno e demais documentación. Esta documentación estaba asinada e validada por EU, por tanto tamén é oportuno terlle respecto a súa opinión. Nun principio os gobernos en minoría teñen lexitimidade democrática e para sacar ao alcalde hai uns mecanismos legais que xa se leron aquí. Faille gracia a frase de quererse aferrar á alcaldía, se iso fose así seríalle doado e só tería que aceptar todas as chantaxes que se lle pretenderon facer vinte e catro horas antes dun Pleno. Fixo algo moi claro que foi asumir un risco e sabía que como consecuencia de determinadas medidas podería perder a alcaldía, xa o sabía, pero non lle importou, porque os concelleiros do BNG e el mesmo o que pretenden aquí é traballar dun xeito serio e profesional e el pretende traballar na alcaldía e non facer da alcaldía unha profesión, como fai moita xente neste país. Se chega a ceder en todo o que se falou vinte e catro horas antes do Pleno seguro que hoxe non tiña este problema porque ninguén ía pedirle ningún tipo de reprobación. Xa dixo no Pleno do día catro que non pensaba ser alcalde a calquera prezo, quen queira estar gobernando ten que traballar e se se pretende vir aquí a solucionar as súas miserias que vaia para a súa casa, por iso con el como alcalde non vai ocorrer iso e as negociacións van seguir, porque queren cumprir ese acordo programático, cos que asinaron o acordo ou solos, o goberno vai seguir tirando cara adiante, se lle deixan, e está seguro, como dixo a súa voceira, que aquí hai un traballo que facer e non importa o número de quen o faga, así se o teñen que facer entre nove ou dez, perfecto, e se o teñen que facer entre catro ou entre cinco tamén o farán. O que pense que non é oportuno facelo dese xeito tamén ten mecanismos para impedilo, non obstante se manteñen as portas abertas pero advirte, non a calquera prezo,

C.I.F.: P-1503600-G

cousa que saben perfectamente as organizacións e todo o mundo. Di que pretende ser discreto porque pensan que en determinados asuntos que se tratan entre organizacións políticas haino que ser. Di que ten pouca experiencia nisto pero pensa que é así dende hai moitos anos e entre todos os grupos políticos, pero o que non se pode pretender é quitarlle lexitimidade a un goberno por estar en minoría porque de momento a Lei non o pon, é o que hai e haberá que respectalo. Di que el non ten ningún problema en dimitir e o día que o faga, será o día en que deixe de cumprir o que lle prometeu aos veciños e veciñas de Fene, o día que deixe de traballar e de cumprir os acordos. Non vai dimitir porque o partido Popular queira pescar en río revolto, aínda que estando na oposición parécelle razoable que intente utilizar a situación, pero que a xente que estivo gobernando ata hai catro días agora todo o traballo que se estivo facendo non lle sirva é outra cousa, porque lémbbralles que coa abstención da votación anterior, o partido Popular fala de todo o ano, do trato recibido todo o ano polo goberno. El faise responsable polo retraso sufrido nos orzamentos e faise responsable de cando se lles entregou os orzamentos á oposición pero algún outro terá que recapacitar e pensar como se actuou en cada momento, porque o alcalde non actuou por libre. O que pasa é que aquí a culpa é sempre dos demais e todo o mundo vota balóns fóra, pero supón que internamente terán que reflexionar. O BNG está aberto a seguir negociando e mentres iso non ocorra seguirán a traballar e a ter en funcionamento o Concello e dille ao partido Popular e ao Socialista que non teñan medo que non sa vai paralizar, que redobrarán os esforzos e traballarase con transparencia. Ao mellor algún sorpréndese, porque volver escoitar hoxe neste Pleno o mesmo argumento do mes pasado de que é o alcalde o que ten que negociar e sacar os orzamentos ás sociedades cando había un concelleiro de Participación Cidadá que non fixo ese traballo e se ao alcalde se lle ocorrese facelo, pedirían tamén a súa dimisión por non ser esa a súa área. Di que todos e todas saben do que falan, hai vinte días que cesou aos concelleiros do goberno e algún terá que ser responsable tamén do traballo que fixo. Reitera o que lle dixo antes ao partido Popular de que non vai dimitir, ten o apoio do seu grupo municipal e pensa que está a cumprir a perfectamente o acordo asinado e, calquera persoa que teña tempo pode coller os orzamentos que se presentaron e que non se puideron debater para ver que se cumpría neles o acordado. Neste sentido seguirá a traballar e seguirá coas portas abertas, porque canto máis sexan á hora de traballar moito mellor, pero ten que haber un compromiso serio do que se quere facer.

A continuación fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal Socialista, Antón Lois Noceda Carballo, que di que felicita ao BNG por acadar a quinta concelleira e felicita a quen pode tratar de aumentar a súa lexitimidade, pero lamentablemente segue sen ser suficiente. Hai algunhas cousas que dixo a voceira do grupo Mixto municipal que parece mentira que non lembre que o luns estivo reunida co PSOE, estivo escoitando estas cousas e poderíase ter autorepostado a todas as preguntas que acaba de facer hoxe aquí diante do público para tratar de facer do Pleno un circo. Di que vai tratar de non caer na mesma cuestión pero tampouco vai entrar en responderlle en todo o que o PSOE xa lle dixo naquel momento. Respecto do dito pola voceira do grupo municipal do BNG, dille que non é que non teñan urxencia para uns orzamentos ou para esta moción, dille que para cada cousa é o seu. Respecto aos orzamentos di que máis esforzos para que saísen adiante que o PSOE non o fixo ninguén, nin o BNG, porque estiveron cansos de que en cada reunión que houbo o alcalde comezase cun esperpento ridiculizando a outros compañeiros do goberno. O PSOE estivo canso de pedir xuntanzas durante trece meses para tratar de resolver os problemas do goberno, para facer de ponte entre uns e outros, para ir limando as diferencias e nos orzamentos foron absolutamente claros e meridianos, así dixo dende un principio que entendían o debate orzamentario como un debate de números e tamén do resto de documentos que os acompañan e que teñen intencionalidade política, cousa que estivo torpedeada sempre por unha parte, pois a única presa que tiveron sempre foron os números, pero esta ocorrencia de tratar uns orzamentos no mes de agosto, nun pleno ordinario e por urxencia, é totalmente novidosa. O alcalde ten feito moitas cousas novidasas, así foi o alcalde ao que menos lle durou un goberno, trece meses, o alcalde que cando hai problemas dentro do goberno responde sempre do mesmo xeito, escapando e nunca sentándose á mesa co resto das persoas para tratar de confrontar as ideas. Xa se veu neste Pleno que isto que lle pasou con eles no goberno é normal, pásalle tamén coa oposición, pois aquí o único que di unha cousa e defende o contrario é o alcalde por iso pídelle que pense se o problema o ten vostede e non todos os demais, pois se cadra comezará a atopar o xeito de arranxar os seus problemas. Por aclararlle cousas ao alcalde dille que ao seu grupo, o de falar para reconstruír o goberno nin lles ten máis presa nin menos, preocúpalles que este Concello teña un goberno forte e lexitimo para que poida gobernar do mellor xeito aos veciños e veciñas de Fene, esa é a súa presa e non unha semana antes ou despois, pero os prazos non os puxo o PSOE senón que os puxo o alcalde, que foi quen dixo ata final de mes, cousa que está escrita e todos o poden ler, e o mes de agosto rematou pois hoxe é un de setembro, así os prazos os puxo o alcalde e a moción pon os prazos que puxo o alcalde.

C.I.F.: P-1503600-G

Respecto do acordo de goberno di que claro que se acorda do papel que ensinou antes e do que está asinado e lémbrale que o día dez esqueceuse de que tiñan asinado máis dun papel, mesmo pensou que catro son máis que nove e non son, iso é aritmética básica.

Falouse de chantaxes e tense falado disto na prensa, pero dille ao alcalde que o partido Socialista non lle fixo ningunha chantaxe en ningunha cuestión nin tampouco lle formulou ningunha cuestión como absolutamente innegociable, sempre foron sensibles para falar de cada un dos temas de goberno, iso si, tamén lle esixiron que se cumprise o que tiñan falado. Por iso o seu grupo está convencido de que a día de hoxe non tiña pensado cumprir nunca co acordado e que o único que pasou con aquela votación no Pleno, logo da súa decisión do día dez, foi adiantar a decisión que ían tomar si ou si. Xa tiña no seu calendario librarse primeiro duns e logo doutros, agás que permaneceran domesticados no goberno, pero os concelleiros do partido Socialista débense ao seu partido e fundamentalmente aos veciños e veciñas que os votaron e non ao alcalde.

O alcalde dixo que o acordo de goberno estaba feito a mediados de xullo é e certo, de palabra, o acordo dos números, pero había números que tamén acordaron o día que pecharon os orzamentos e que non aparecían por ningún sitio, números como que o seu partido pediulle que as baixas das obras ou os cartos que se xeraran con cargo as baixas de persoal fosen con cargo a área de Obras e Servizos, que por certo, xa herdou bastante, porque as baixas incrementáronse no seu mandato en tres máis e non se foi quen de cubrir unha soa e aínda así aceptou uns orzamentos no que no Anexo de persoal, fíxese o sacrificio que fixo o seu partido, non figuraba nin un só peso para a dotación orzamentaria desas prazas e ía ter que seguir traballando sen elas. Aínda así estaban dispostos a asumir a aprobación dese orzamento, coa condición de que o cincenta por cento das baixas que redundasen en Obras e Servizos, igual que as baixas das obras, para poder seguir arranxando infraestruturas para os veciños e veciñas de Fene. Todo iso quedouse en asinalo nun documento privado dentro do goberno ou ben reflexalo na memoria da alcaldía, e non foi de ningún dos dous xeitos. Tamén díxose dende un principio que querían negociar as bases de execución, pois son tan importantes os números como o regulamento que di como se ten que gastar os cartos, pero para isto non convocou nin unha soa reunión e iso non estaba falado hai catro ou cinco meses cando puxo os orzamentos enriba da mesa e xa llo tiña reclamado no mes de agosto, de setembro e o volveu falar en decembro, en xaneiro e logo en marzo, pois cando asinaron o acordo de goberno foi coa finalidade da autonomía e independencia de cada unha das áreas de xestión, e por tanto da delegación de sinatura. Houbo máis de catro xuntanzas da Comisión do seguimento do acordo no que todos estaban de acordo nese principio e o único que puxo problemas para o desenvolver, porque só lle valía do xeito que el o configurou, e non admitiu ningún tipo de suxestión, foi o alcalde, así o problema para desenvolver os acordos de goberno foi do alcalde. Dende que o luns convocou esta xuntanza e o chamou o secretario xeral do seu partido, co que dixo que igual non tiña boa comunicación, pero que xa lle anuncia que si a ten, chamouno para preguntarlle se os flecos que quedaban por pechar xa os tiña falado co alcalde, manifestoulle a súa preocupación. El contestoulle que estivese tranquilo, pois quedaban catro días para o Pleno e aínda se podía arranxar. Chamounos o martes para intentar falar co BNG sobre estas cuestións e foi imposible. Para non romper o goberno o mércores na Comisión votaron a favor pedíndolles unha reunión ás 20.00 h do conxunto do goberno para tratar estas cuestións. Da reunión lembra dúas frases do alcalde e ningunha era para poñerse a falar das cuestións que lles separaban. Unha foi "isto é unha encerrona" cando se falaba das bases de execución, da delegación das sinaturas que xa estaban acordadas na Comisión de Seguimento e tratábase de poñelas en funcionamento. A seguinte foi que vostede tiña moita presa porque tiña unha reunión as 22.00 h e algún concelleiro que estaba na mesa colleu o reloxo e díxolle: alcalde son as 20.30 h e o problema que hai é bastante grave porque de aquí a mañá se non se recompón isto o goberno pode perder unha votación, ben merece a pena que se esforce un pouquiño máis xa que a súa reunión era as 22.00 h. O alcalde aquel día non quixo negociar nada, nin unha palabra, nin as bases de execución sobre as que non quixo sentarse a falar con eles e que das que se lle dixera expresamente que se lle querían facer achegas. Non negociou sobre isto nin do que introduciu pola porta de atrás. O seu partido deulle máis máis tempo, díxolle que o xoves aínda estaban a tempo e que aínda quedaban horas ata o Pleno e deulle igual. O xoves atopáronse coa mesma situación, con alguén que pensa que o único acordo é o seu, que o único acordo posible é o que ten na súa cabeza, que non lle entra nin lle cabe que cando hai persoas diante que opinan, uns branco e outros negro, seguro que hai grises nos que se poden atopar e dille que vostede estivo no negro, que volveu a confundir a autoridade co autoritarismo, o que son cousas moi diferentes, e algún día poderase dar conta, aínda que é consciente que ata o de hoxe non advertiu a diferenza. Estes son os temas que puxeron os socialistas enriba da mesa para chegar a un acordo para ese Pleno e ante a petición reiterada de que se non podían chegar agora, logo de levar seis ou sete

C.I.F.: P-1503600-G

meses de retraso, por unha semana máis non se debía deixar caer o goberno ou os orzamentos. Non obstante negouse unha e outra vez a adiantar dous ou tres días o Pleno para poder chegar a un acordo, por iso non pode dicir que se votou en contra dos orzamentos dos veciños e veciñas, porque o que pasou é que o alcalde non lles quixo dar unha oportunidade, porque non quixo dar nin un día, nin dous, nin tres para solucionar as cuestións que os diferenciaba nese momento. Por iso de chantaxes, por parte do seu partido non houbo nada e se houbo algunha chantaxe coménteo, porque el oíu moitas cousas pola rúa, moitas cousas que di xente do seu partido e espera o día na que as diga vostede para contestalas unha a unha. Cando di que a partir de agora se quedan catro concelleiros no goberno e que van traballar en serio e arreo para sacar o Concello adiante dálle algo de medo, porque non será como cando lle quedou a OCA de Barallobre, da que dependía unha inversión da seguridade eléctrica daquel colexio e dos nenos e nenas do Concello, que quedou tres meses perdida na alcaldía e tiveron que chamar dende a Delegación da Coruña porque tiñan que contratara e non estaba ese informe. Aquel día pasouse toda a mañá buscando no Concello ata que apareceu o alcalde as 14.00 h dicindo que o tiña extraviado entre os papeis do Concello. Se este é o xeito serio de traballar Deus os libre de telo moito tempo no Concello, pero se cadra desas e doutras tamén se aprende. Dille ao alcalde que non sabe se alguén vén aquí para as súas miserias, pero dende logo os concelleiros do partido Socialista non, non necesitan disto, el mesmo este ano e o pasado por estar aquí perdeu cartos segundo di a súa declaración da renda e presenta a súa declaración para facela pública se se quere, polo pídelle que non lle conte historias e milongas, porque no seu partido non pasa tal e se hai alguén rógalle que o diga, porque non hai peor xeito de difamar que esas xeneralidades de acusacións que ao final tratan de salpicar a todo o mundo. Por iso dille ao alcalde que diga onde pasa iso e que o diga con precisión porque igual algún caso pódelle tocar na casa e por iso dille que cando as diga lémbrese de contalas todas porque tampouco quedarán calados. Ou sexa que ademais desas peticións que vostedes contan por aí de xente que vén buscar non sabe que e que querían mellorar as condicións económicas que tiñan no Concello de Fene el tamén escoitou cousas semellantes do seu grupo político, así que rógalle que vaia afinando as cousas a medida que as vaia dicindo. Dende logo estas cousas a el non lle pasan, porque el sempre o tivo como compromiso e ademais escribiuno no programa electoral do seu partido, de xeito se ten a responsabilidade de traballar para os veciños e veciñas de Fene non vai cobrar nin un peso máis do que cobra polo seu traballo profesional e dito compromiso estivo claro en cada unha das reunións que tiveron, polo que pídelle ao alcalde que esa milonga a el non lla conte. Respóndelle ao alcalde e a súa quinta concelleira respecto da dignidade que é saber onde está un e saber un onde o puxeron, pois quen lle fala sabe onde está é onde o puxeron os veciños e veciñas de Fene. O PSOE en Fene é a terceira forza política e respóndelle o mesmo que o que lle dixo o mércores as 20.00 h cando se reuniron para tentar arranxar o Pleno, cando o alcalde díxolle que igual o venres dimitiría e daríalle unha alegría a algún cando lle tocase a outros intentar formar goberno. Sobre isto di que ao partido Socialista non lle toca formar goberno porque son a terceira forza política deste Pleno, tocaralle a outros, na esquerda a quen é a forza máis votada e na dereita igual, pero ao seu partido non lle toca e isto é algo que a quinta concelleira tamén debe ter claro. Non todo é culpa dos demais e a demostración é que nunca tivo ocasión de que lle anunciaran un cese como o que lle anunciou o alcalde, así vostede anuncioulle o que ía facer logo de falar uns minutos e comentar algunha situación de goberno. Lembra que lle dixo que era consciente de que chegaron a esta situación pola súa culpa e nese momento pensou que por fin, que a ver se o alcalde toma as medidas que teña que tomar para coordinar a este equipo, pero a continuación díxolle que chegados a este punto era consciente de que só podía tomar dúas decisións, ou dimitir el ou cesalos e por iso os ía cesar. Por iso di que o alcalde segue no sillón, non hai outra explicación, cando un asume que é pola súa culpa a situación que leva o Concello ten que asumir tamén a súa responsabilidade, non se pode entender a política democrática doutro xeito, non hai ningunha outra maneira. Non sabe que van facer o tempo que siga vostede de alcalde pero hai unha cousa que é unha fronteira para o partido Socialista que é o que agora se chaman liñas vermellas. Unha, a máis importante, é que o goberno de Fene ten que ter un goberno lexítimo, non hai ningún demócrata, do partido que sexa, que poida entender que isto sexa doutro xeito aínda que xa ve que o alcalde e o BNG si. O alcalde dixo que non ía paralizar o Concello e el sabe como quedaron unhas cantas obras para saír a contratar, cos pregos feitos, tampouco foi un traballo que o derreara, son obras da Deputación, os pregos non teñen moita posibilidade de cambios e só queda poñer o baremo económico cos criterios que falaran no goberno, se falaron na unidade técnica, máis ou menos ben, falouse na secretaría e non os vían correctos e só quedaba tomar a decisión política, para un lado ou para outro, e tardouse vinte días para un traballo que leva unha hora, vinte días e non sacou ningunha obra das previstas. A pesar de que dixo que as súas formas no cese foron correctas, foron tan correctas que cando el se foi despedir dos traballadores cos que traballaba, chegou xunta a unha traballadora, que supoñía que pola razón do seu cargo igual o sabía e díxolle que lle ía contar unha cousa que igual xa sabía, ao que ela

C.I.F.: P-1503600-G

contestoulle que si, que lle mandaran preparalo aquela mañá, o que lle deu que pensar que era a primeira vez que lle din que abandone un cargo e é o último en sabelo, esas foron as súas formas educadas de facer este tipo de cuestións. No debate, o alcalde fixo alusión a estas chantaxes que lle facían e unha das cousas que lle pedían eran adiantar o Pleno, pero cando falou con Gumersindo Pedro Galego Feal propúxolle, se el quería, que se convocaría un Pleno extraordinario cando ao resto dos concelleiros que estaban co alcalde no goberno lles dixo que de ningún xeito, ao que lle pregunta se isto é unha forma seria e rigorosa de tratar as cuestións?, se é tratarlles con respecto aos que compartían traballo e goberno con vostede?. Dille ao alcalde que soubo pola radio que as cousas que non quería con el as tiña faladas antes co PP e o que pasa é que lle pasou o de sempre, que vostede entendeu unha cousa e o interlocutor entendeu outra, o que lle pasa acotío. Son estas cuestións de como pensa cada un e como está acostumado a traballar, así hai xente que está acostumada a traballar con equipos, a delegarlles responsabilidades sabendo que ese é o mellor xeito de repartir o traballo e de sacar o traballo adiante e hai quen ten unha obsesión, porque pensa que ninguén vai facer as cousas como as fai el e de tanto acumular pásanlle cousas como os dos papeliños que se lle quedan acumulados no despacho. Ogallá non se paralice o Concello, pero mentres este Concello non substitúa este goberno que ten por lexítimo, todo o que aquí pase será responsabilidade súa. Os socialistas, a pesar das formas, dixéronllo dende un primeiro día, en canto lle comentaron o cese díxolle ao alcalde que os compañeiros do partido Socialista están a súa disposición para informarlle e para aclararlle as cuestións a todos e cada un dos membros do seu goberno onde deleguen as súas áreas, isto o saben ben outros gobernos que pasaron por Fene como se comportaron os Socialistas cando abandonaron o goberno e, en vinte días, só recibiu unha chamada para cuestións pendentes do goberno. Espera que teñan todo claro e segue a dicir que non pensa que o alcalde teña lexitimidade para ocupar o cargo que ocupa, pero polos veciños e veciñas de Fene si, e se fai falla pedir permisos nos traballos para vir aquí, virán, se fai falla resolver calquera dúbida das cuestións que estaban a levar, virán, pero a partir de aí non veña dicindo que por culpa de que levan vinte días sen facer nada algunha obra ten problemas ou non se leva adiante, e con obras refírese ao resto das cuestións, pois a día de hoxe o que si poden dicir é que a inacción leva a que cando só faltaba unha cuestión dunha hora hai máis de quince camiños sen contratar, porque vostede non se reuniu con quen se tiña que reunir, non puxo os números enriba das mesas e non fixo os papeis para que se sacasen as licitacións, e diso, dille ao alcalde que só el é o responsable.

C.I.F.: P-1503600-G

A continuación fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal do PP, Gumersindo Pedro Galego Feal, que dille ao alcalde que vai ter que compartir o posto de voceiro do seu grupo pois logo do alegato que se fixo sobre as tarefas do goberno, xa sabe porque vén a cousa, porque aqueles resentimentos que deixou esa sinatura que consta no acordo e logo non entrar no goberno son importantes para facer os razoamentos que se están a facer hoxe aquí. Estas son cuestións súas, deste goberno e de quen as asinou. O que si está claro é que a culpa de que non se aproben os orzamentos non é do PP, pensa que quedou bastante claro. Reitera o que xa lle dixo ao alcalde, se non os chamou para nada como puido pasar pola súa cabeza que o PP ía votar a favor da urxencia, a unha moción urxente no Pleno do mes de agosto e pregunta se a alguén con dous dedos de fronte se lle pode ocorrer esa cousa, máxime cando o BNG, estando o PP no goberno, xamais votou un orzamento, incluso votaron en contra de obras ou se abstiveron noutras, así lembra as obras do parque que está detrás do Concello que non se logrou facer. Se non fala con el é moi posible que o voto fose negativo, pero como pretende que o seu grupo, o máis amplo deste Pleno, chegue aquí e votemos a favor da urxencia que non van votar os seus socios de goberno?. Pensa que queda ben claro que o partido Popular non tivo que nada que ver nos orzamentos, no rexeitamento dos orzamentos, nin na súa negociación, por moito que se empeñe o BNG ou EU. Dille ao alcalde que aquí non se vén ocupar ningún sillón porque todos os que están aquí teñen o seu traballo, veñen ao Concello e tamén atenden ao seu traballo como fai el. Díxose que se traballaba moito, pero con catro horas no concello non se fai nada. Dille ao alcalde que aínda que incorpore agora a unha concelleira á que lle queda o seu resentimento por non haber entrado no goberno no seu día, seguen sendo cinco concelleiros e a súa lexitimidade non pode estar completa con tal número, o que é un razoamento bastante lóxico, e pídelles que se poña no caso de que el estivese onde está o alcalde, na súa situación, e preguntalle se non sairían á praza do Concello con carteis, pancartas e demais. Dille que está seguro, por iso non veña vender aquí que vai traballar máis que ninguén, porque todos os que estiveron viñeron traballar, non se pode poñer sempre como desculpa o traballo por diante porque os demais tamén traballan, cando veu aquí xa sabía ao que viña e non vale que agora diga que ten que traballar e traballar, iso xa o tiña que ter pensado dende un principio e non agora que vai continuar. Por moito que lle digan ao seu grupo que sempre din que son a lista máis votada e que deberían gobernar dille que o seu grupo coñece a Lei e leuse aquí, pero dille que debe ter en conta que é o primeiro alcalde que elixe este pobo que non foi a cabeza de lista máis votada, por tanto non se pode falar de

lexitimidades e de seguir para cumprir un pacto de goberno, pois ese pacto de goberno que asinaron é papel mollado e a el non lle afecta nada, pois nin o chamaron para isto e nin si queira lle deron copia, aínda que lle dixeron que o documento estaba colgado nas redes sociais.

A continuación intervén o alcalde para dicirlle ao voceiro do grupo municipal do PP, Gumersindo Pedro Galego Feal, que está colgado na páxina oficial do Concello.

Prosegue a dicir o voceiro do grupo municipal do PP, Gumersindo Pedro Galego Feal, se é transparencia o non haber facilitado á oposición ese documento que teñen asinado, cando menos por educación, así o outro día díxolle que un cariño o quere calquera, así ben o puido ter chamado para dicirlle que non lle ía facer caso en nada dos orzamentos pero, en calquera caso, puido cumprir co trámite. Tamén puido dicirlle á oposición cal era o pacto que había para que, se quixeran controlar ao goberno e vixialo, o fixeran segundo ese pacto, pero iso non ocorreu. Pensa que as cousas están bastante claras, pensa que a lexitimidade agora lle falla ao alcalde e por iso debe presentar a súa dimisión.

De seguido fai uso da palabra a voceira do grupo Mixto municipal, María Carmen Rodríguez Martínez, que di que lle agradece ao BNG que a incluíse no grupo de goberno sen ela sabelo. Se EU tivese algún resquemor por non formar parte do goberno houbese entrado hai un ano contra vento e marea. Daquela o PP estaba esperando a que EU entrase no goberno para que os concelleiros de Somos Fene lle desen o goberno non votando ao BNG para a alcaldía. EU soubo cal era o seu papel, veu a chantaxe que houbo pero baixo ningún concepto quería que sobre a súa organización pesase un goberno de dereitas e soubo o que tiña que facer. O PP e o PSOE están metendo a EU nun paquete que nada ten que ver con eles. Di que non lle ve tanto problema ao da lexitimidade, pois en Mugardos gobernaban catro concelleiros do PP. Di que ve o resentimento no PP no feito de que lle quitaron a alcaldía sendo sete e levan un ano dicindo que lla quitaron e que son sete concelleiros, por iso dille ao voceiro do grupo municipal do PP, Gumersindo Pedro Galego Feal, que EU non ten ningún resquemor. Dille ao voceiro do grupo municipal Socialista, Antón Lois Noceda Carballo, que cando non hai argumentos o ataque persoal é moi doado, así EU segue a ser EU e ela é a súa voceira polo que pídelle que respecte a opinión de EU, que é a que manifestou neste Pleno, porque vostede acaba de apoiar unha moción do PP coa abstención do grupo municipal de Somos Fene, é dicir, acaban de facilitar unha moción do PP e non lle di nin ao PSOE nin a Somos Fene que agora son doce no PP, di que respecta a súa decisión, decidiron absterse pero non se meta con ela a título persoal, segue a ser concelleira de EU, non ten ningunha oferta para entrar no goberno e cando a teña non vai ser decisión do PSOE, nin de ningún outro partido se entran ou non, será unicamente decisión de EU e espera que isto quede ben claro. Gústalle que as cousas que se falan nas reunións queden nelas pero ás veces a unha súbelle o punto de ebulición e se a poñen nesa tesitura igual non é tan discreta como o é alcalde, que igual tiña que contar moitas cousas que seguramente pasaron e os demais descoñecen para que os votantes dalgunhas organizacións souberan o que está pasando no Concello, pero ela cando a cabrean non é tan discreta. Dille ao voceiro do grupo municipal Socialista, Antón Lois Noceda Carballo, que o outro día non lle preguntou por estas cuestións que lle fixo aquí porque o outro día non tiña a súa moción e o que o outro día lle dixo a ela e a outro compañeiro de EU foi que querían falar con eles, e van falar con Somos Fene, para ver se poden chegar a un entendemento e propoñerlle ao BNG un goberno todos xuntos. Dille que lle contestou, pois non se esconde, que con Somos Fene nin auga, logo o seu compañeiro preguntoulle se os concelleiros de Somos Fene non fosen os mesmos e díxolle que non, nin con estes nin con outros, porque ela ten calada a esta xente. Tamén dille respecto daquela reunión na que o PSOE dixo que vería con moi malos ollos que EU entrase a gobernar, tanto a súa organización como os seus votantes ao que lle respondeu que a ela iso lle sonaba a chantaxe e literalmente contestoulle que si que era chantaxe. Dille ao voceiro do grupo municipal Socialista, Antón Lois Noceda Carballo, que non pensaba falar deste tema, porque o que se fala nas reunións se queda nestas, pero se vostede vén azuzando cada cinco minutos co da quinta voceira do BNG ela tense que defender. Dille que non sabe se falon con el para convocar un Pleno extraordinario pero ela estivo na Xunta de Voceiros, na que o señor Gumersindo non puido vir, algo que xustificou o alcalde, pero estaba o seu compañeiro e os representantes de Somos Fene non estaban, e naquela Xunta falouse do tema dos orzamentos e ninguén se opuxo, e se resulta que a vostede non llo contaron ou resulta que o seu compañeiro está de acordo e vostede non, non é culpa de EU. Non vai entrar en rumores pero o que ela ve e o que ela escoita non llo vai negar nin vostede nin ninguén.

A continuación fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal Socialista, Antón Lois Noceda Carballo, que dille á voceira do grupo Mixto, María Carmen Martínez Rodríguez, que diga o que queira

das reunións que teña co PSOE, porque do dito nas reunións non se van desdicir nunca, pero a única persoa que puxo na súa boca a palabra chantaxe foi ela e o PSOE ten todo o dereito do mundo a que lle pareza ben, mal ou regular as decisións de calquera outro partido político, polo que, se falou de respecto, pídelle que comece tamén a respectar.

Seguidamente intervén o alcalde que di que lle sorprende as coincidencias do PP e do PSOE ou xa non lle sorprenden tanto, non sabe, pero hai unha cousa curiosa que hoxe volveuse ver aquí, pensa que hoxe estanse tomando as cousas cun pouco máis de sentido pero lémbrale ao voceiro do partido Socialista, Antón Lois Noceda Carballo, que é voceiro do partido Socialista e non de Somos Fene, aínda que as veces semella que é voceiro dos dous, polo que pídelle que tome medida disto. Sorpréndelle que os voceiros dos partidos Socialista e Popular se dediquen á videncia, porque xa saben o que vai ocorrer e as cousas son un pouco máis serias que todo isto, aínda que ao señor Gumersindo lle estrañe o traballo hai que facelo. Respecto dos comentarios que fixo o voceiro do grupo municipal do Socialista sobre os orzamentos, como dixo el, se lle entregaron hai cinco meses e vinte catro horas antes do Pleno acordouse que había cousas que querían cambiar.

A continuación fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal Socialista, Antón Lois Noceda Carballo, que di que iso é mentira.

Prosegue a dicirle o alcalde que, en todo caso verase na acta, e que o problema é que hai que atender, pois dixo que lle preguntei ao PP se querían cambiar o Pleno, o que foi certo, pero foi o luns pola mañá, antes de convocalo. Isto é unha cousa e outra é que unha vez convocado e feita a comisión, na que o PSOE apoiou os orzamentos, veña vinte catro horas antes do Pleno a intentar cambialo. Dille que ao PSOE se lle deu a mesma opción, exactamente igual, de poder facer un Pleno extraordinario, pero logo de convocar o Pleno e feita a Comisión non ten sentido volver marcha atrás e si que dá igual unha semana máis, pois unha semana máis non é garantía de nada, porque logo dunha semana serían dúas, tres ou catro, xa que como dixo os orzamentos entregáronse en abril. Dille que ten razón, aínda que non exactamente coas palabras que dixo, que a responsabilidade do cese era súa e como alcalde síntese responsable dos concelleiros que están no goberno e tamén dos traballos que fan, estean ben ou mal e así os asume, e non vai por aí dicindo que isto ou aquilo, como está mal feito o fixo un ou outro, pero aínda que tería motivos para facelo non o fai por responsabilidade. Di que é certo que foi culpa súa, porque ao mellor algún concelleiro tiña que estar cesado antes, síntese responsable disto, asúmeo e por iso di que aprendeu dos seus erros e por iso, segundo dixo antes, non vai ser alcalde a calquera prezo, pois se non chega facer o cese non estarían nisto, ninguén lle pediría a dimisión, seguiría aquí e acabarían os catro anos, pero isto no o ve oportuno e non veu para isto, porque pensa que os veciños de Fene non é iso o que queren.

C.I.F.: P-1503600-G

A continuación fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal do PP, Gumersindo Pedro Galego Feal, que di que quería puntualizar que así non se traballa por moito que o diga o alcalde.

De seguido o alcalde di que por iso o alcalde di que van traballar doutro xeito.

Sometido o asunto a votación, foi aprobado por maioría absoluta de 11 votos a favor (6 do grupo municipal do PP, 3 do grupo municipal Socialista e 2 do grupo municipal Somos Fene) e 5 votos en contra (4 do grupo municipal do BNG e 1 do grupo Mixto municipal).

Á vista do resultado da votación, o Pleno acorda:

1.- Reprobar a actitude antidemocrática do Sr. Juventino Trigo Rey pretendendo aferrarse á alcaldía, cando non dispón da confianza do Pleno do Concello de Fene e por tanto tampouco dos veciños e veciñas do Concello.

2.- Solicitar a dimisión inmediata do Sr. Juventino Trigo Rey como Alcalde, e que se poñan en marcha os mecanismos legais para que o pleno do Concello de Fene poda restituír a lexitimidade democrática elixindo un alcalde que poida acadar a confianza do pleno a través dos mecanismos que establece a lexislación vixente.

7.2 Moción conxunta de todos os grupos municipais de Fene para darlle apio expreso á Plataforma de Víctimas do Alvia 04155

Logo de ratificar a súa inclusión na orde do día coa unanimidade dos concelleiros presentes, o alcalde dá lectura á seguinte moción:

“MOCIÓN CONXUNTA DE TODOS OS GRUPOS MUNICIPAIS DE FENE, PARA DARLLE APOIO EXPRESO Á PLATAFORMA DE VÍTIMAS DO ALVIA 04155

Exposición de motivos

A Plataforma de Víctimas do Alvia 04155 leva loitando por esclarecer as circunstancias nas que se produzo o desgraciado accidente do tren Alvia 04155 con destino a Santiago de Compostela o 24.07.2013. Neste accidente morreron 81 persoas e resultaron feridas outras 145 e é o accidente ferroviario máis grave da historia da democracia española. Dita Plataforma constituíuse coa intención de reivindicar a verdade e a xustiza nun sentido amplo, esixindo tamén responsabilidades políticas, polos feitos que rodearon ao devandito sinistro.

Un suceso tan grave non pode nin debe ser esquecido polas institucións públicas e os responsables políticos, e por iso, é necesario indagar nas causas, nas responsabilidades penais e políticas que poidan derivarse do devandito accidente ferroviario. Á marxe das investigacións xudiciais e das responsabilidades penais que poden derivarse destas, as vítimas sempre reivindicaron a apertura dunha comisión de investigación parlamentaria que depure as responsabilidades políticas e, nun exercicio de responsabilidade, é necesario dar o noso apoio a esta iniciativa, poñernos do seu lado e darlles o noso apoio expreso.

A Plataforma de Víctimas do Alvia 04155 denunciou en reiteradas ocasións a falla de sensibilidade das autoridades e unha incomprensible situación de desamparo que viola os seus dereitos máis básicos como vítimas e familiares deste terrible suceso. Con esta moción non podemos reparar o dano inmenso que estas persoas sufriron, non podemos facer xustiza, nin esclarecer a verdade do ocorrido, pero co consenso de todos os partidos políticos con representación no noso Concello, nun acto de responsabilidade e compromiso, contribuímos a recoñecer e dignificar ás vítimas e familiares do accidente ferroviario Alvia 04155.

Por todo o anterior, todos os grupos municipais de Fene, presentan para o seu debate e posterior aprobación no Pleno a seguinte

C.I.F.: P-1503600-G

MOCIÓN

1. Darlle apoio expreso á Plataforma de Víctimas do Alvia 04155.
2. Recibir á Plataforma de Víctimas do Alvia 04155 no Concello de Fene para coñecer as súas demandas e reivindicacións.
3. Solicitalle ao goberno da Nación que encargue a unha comisión de expertos e técnicos independentes a investigación do ocorrido.
4. Solicitalle ao futuro goberno da Nación a apertura dunha comisión de investigación en sede parlamentaria para establecer as posibles responsabilidades políticas.

Fene, 1 de setembro de 2016

A voceira do grupo municipal do BNG
Alejandra Permuy Meizoso

O voceiro do grupo municipal do PP
Gumersindo Pedro Galego Feal

O voceiro do grupo municipal Socialista
Antón Lois Noceda Carballo

O voceiro do grupo municipal Somos Fene
Xoán Manuel Rodríguez Bastida

A voceira do grupo mixto municipal
María del Carmen Martínez Rodríguez”

A continuación fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal do PP, Gumersindo Pedro Galego Feal, que di que esta moción tamén vén tarde xa que se puido ter pasado antes, sobre todo ante a Comisión. Anuncia que votarán a favor pero que se lle pida agora responsabilidades políticas a un novo goberno, independentemente de quen saia en Madrid, non ten sentido ningún.

Seguidamente fai uso da palabra o alcalde que dille ao voceiro do grupo municipal do PP, Gumersindo Pedro Galego Feal, que aínda que leva pouco tempo no Concello é bastante habitual que as mocións se debatan antes na Xunta de Voceiros para ver se todos os grupos municipais están de acordo en presentala conxuntamente ou non. Por iso antes de levala a ningunha Comisión pensa que se leva antes á Xunta de Voceiros e que este é o normal proceder neste Concello. Non obstante, nos seguintes casos as levará, con acordo ou sen acordo, á correspondente Comisión. De todos os xeitos a moción fala de solicitarlle ao futuro goberno a apertura dunha Comisión de Investigación.

Sometido o asunto a votación foi aprobado pola unanimidade dos concelleiros presentes.

Á vista do resultado da votación, o Pleno acorda:

- 1. Darlle apoio expreso á Plataforma de Víctimas do Alvia 04155.**
- 2. Recibir á Plataforma de Víctimas do Alvia 04155 no Concello de Fene para coñecer as súas demandas e reivindicacións.**
- 3. Solicitarlle ao goberno da Nación que encargue a unha comisión de expertos e técnicos independentes a investigación do ocorrido.**
- 4. Solicitarlle ao futuro goberno da Nación a apertura dunha comisión de investigación en sede parlamentaria para establecer as posibles responsabilidades políticas.**

8. Rogos e preguntas

A continuación o voceiro do grupo municipal do PP, Gumersindo Pedro Galego Feal, fai os seguintes rogos e preguntas:

- Anuncia que logo da duración deste Pleno non fará preguntas neste Pleno.
- Roga que se cumpran os acordos plenarios que se acaban de tomar hoxe.
- Roga que se tome a máxima precaución, cautela e reservas en que os datos dos concelleiros respecto da súa vida privada non cheguen aos medios públicos por condutos deste Concello ou dos partidos políticos.
Contéstalle o alcalde que pode estar tranquilo neste sentido.

A continuación o voceiro do grupo municipal do Socialista, Antón Lois Noceda Carballo, fai os seguintes rogos e preguntas:

- Debido a duración do Pleno algunha pregunta a formulará por escrito ante o rexistro, por ser cuestións de tipo técnico.
- Roga que se lle dea a maior prioridade aos procedementos de contratación das obras que estaban listas relativas aos programas do PAI 2016, PAI 2015 complementario, que se tramite a subvención nominativa da escola do Carril que xa quedou lista para remitir e só quedou pendente de que entrase en vigor o cambio da normativa de Patrimonio, que se axilice a tramitación das obras de contratación do POS 2016.
- Roga que se acabe dotar orzamentariamente os proxectos nos que se estaba a traballar para as obras do tellado da escola de Perlío, no que o proxecto xa quedou feito, e dos vestiarios do campo de fútbol de Perlío, máis urxente se cabe, debido á situación que se vai atopar o club de fútbol do Maniños debido as obras no campo de fútbol.
- Roga que, logo da paralización do debate orzamentario, que cando menos se puideran traer modificacións orzamentarias que permitiran o desenvolvemento das obras e das subvencións nominativas para que, cando menos as entidades e colectivos, non se vexan afectados pola situación

de crise institucional do goberno de Fene e ofrécelle ao alcalde o compromiso dos Socialistas de Fene para sacar adiante cantos compromisos estean pendentes cos veciños e veciñas de Fene. Neste sentido rógalle a maior celeridade.

- Roga que na vindeira Comisión de Servizos o informe sexa máis extenso do deste mes que di, literalmente: "continuamos facendo o que mesmo que se estaba facendo antes".
Contéstalle o alcalde que a Comisión foi unha semana despois do seu cese e que se poden dar por contestados coa súa xestión.

- Roga que agora que o seu grupo xa non está no goberno e está na oposición o goberno teña a ben consultar cos distintos grupos políticos para acadar os apoios mínimos para sacar os asuntos adiante.

A continuación o voceiro do grupo municipal Somos Fene, Xoán Manuel Rodríguez Bastida, fai os seguintes rogos e preguntas:

- Rógalle ao alcalde que se lembre de que remate coa tramitación para poder acadar os desfibriladores, logo de moitos intentos. Ultimamente a elaboración dos pregos estaba nas mans da secretaria co prego que se usou na Deputación de Pontevedra para adquirilos. Dille que sabe que o vai conseguir.
O alcalde dille que o prego está case que preparado e listo pero esta vez será cun prego completamente obxectivo.

Ao non haber máis asuntos que tratar, a presidencia declara rematado o acto cando son as 20.50 h, de todo o que, como secretario accidental, dou fe.

O alcalde

O secretario accidental

Juventino José Trigo Rey

Fernando Aradas García

C.I.F.: P-1503600-G